

# Galeduso

A revista do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia  
Número 13 - Ano 2020



## Educación Social e Escola

# ÍNDICE

## PARA COMEZAR

Introdución. Sofía Riveiro Olveira -----	02
--	----

## SER E FACER

• <b>Tarxeta de visita</b>	
- Coñecendo a páxina de Facebook de Educación Social na Escola -----	05
• <b>Laboratorio Creativo</b>	
- Experiencia dunha Educadora Social nos Centros Quérote+. Isabel Presas Cacheda -----	06
- A prevención do cyberbullying dende o teatro foro: unha experiencia de educación social na escola nos centros educativos de Vilagarcía de Arousa. Ramón Molina Gómez -----	09
- Experiencias de Educación Social na Escola en Galicia, máis alá da anécdota. Jesús Deibe Fernández Simo -----	17
- O valor educativo do Programa TEIP nas Escolas Públicas em Portugal. Daniela Gonçalves -----	21
- Educando en Igualdade. Proxecto socioeducativo da violencia de xénero no Concello de Sober (Lugo). Selene Arias Sáez -----	26

## CAIXA DE FERRAMENTAS

- Referencias Normativas no Estado sobre a Educación Social na Escola. Alberto Fernández de Sanmamed Santos e Sofía Riveiro Olveira -----	31
- Selección bibliográfica. Educación Social na escola. M. Carmen Morán de Castro -----	43
- Recursos didácticos para traballar desde a Educación Social no Ámbito Escolar. Cosello de Redacción coa colaboración de Noelia García e Viviana Varela -----	50
- Sección de Educación Social e Escola na Revista Galega de Educación de Nova Escola Galega. Belén Piñeiro Álvarez e Sofía Riveiro Olveira -----	57

## TEMPOS DE EDUCACIÓN SOCIAL

• <b>Lembrando a...</b>	
- Educación Social e Escola: Crónica da historia recente. Mariló Candedo Gunturiz -----	65
• <b>Que está pasando con...</b>	
- A teima da Educación Social na Escola nos distintos territorios do Estado. Consello de redacción -----	71
• <b>Preocúpanos...</b>	
- Educación Social Escolar y Comunitaria (ESEC) en Canarias. Juan Francisco Trujillo Herrera -----	79

## DÁNDOLLE VOLTAS

- A Educación Social no Ámbito Escolar: unha proposta. Raquel López Fernández -----	90
- Unha chamada á inclusión da Educación Social no Sistema Educativo: I Congreso Internacional e III Xornadas de Educación Social e Escola. Ourense, 2016. María Victoria Carrera-Fernández -----	97

## L de noBel

- "Ciberconscientes". Aproximación a unha experiencia socioeducativa en centros escolares. Mónica Rodríguez Somoza, Stefany Sanabria Fernandes, Lorena Trillo López e Yessica Vidal Lourido -----	103
---	-----

## CEESG INFORMA

- Accións do CEESG para a incorporación da Educación Social no ámbito escolar -----	107
---	-----

### Edita:

Colexio de Educadoras e Educadores  
Sociais de Galicia  
www.ceesg.org  
ceesg@ceesg.org  
981 552 206

### Consello de Redacción:

Selene Arias Sáez  
Andrea Maroñas Bermúdez  
Sofía Riveiro Olveira  
Belén Piñeiro Álvarez

ISSN: 1696-1730

DL: C 594-02

Corazón

Felicidade

Inclusión

Solidariedade

Sensatez  
Soños

Profesional

Adaptación

Madurez

Altruismo

Desenvolvemento

Amor

Migracións

Sensibilización

Superación

amor

# Educación Social

Conflicto

Loita

Adolescencia

Infancia

Empatía

interculturalidade

Xustiza

Felicidade

Orientación

Axuda

Prevenición

Profesión

Tic

Intervención

Inserción

Adaptación

Cultura

Necesaria

Sociedade



PARA  
COMENZAR



Este número 13 da revista Galeduso quere poñer o foco na necesaria relación entre a escola, que vén a cumprir co Dereito Humano á Educación, e a educación social, que ten o cometido de cumprir con este e outros dereitos básicos e tamén fundamentais.

Quixemos dar unha visión global de como está a situación no país, recoñecendo que non está todo aquí e que tamén existen experiencias e persoas referentes alén de Galicia que debemos coñecer e ter presente. Iso dinos que o tema se move e que hai moita variedade de experiencias e posibilidades. De feito, levamos anos con esta cuestión, demostrando que “a Educación Social, na súa dimensión mediadora, pode facilitar os procesos educativos nas escolas así como a articulación das relacións entre elas e as comunidades locais nas que se integran” tal e como o relataban Belén Caballo e Rita Gradaílle na *Revista Interuniversitaria Pedagogía Social*. Á súa vez, estas mesmas autoras recollían de mans de Caride (2002, p. 290) que a Educación Social debe articular as súas propostas arredor de dous procesos indisolubles, que son á vez

punto de partida e de chegada: “a construción comunitaria e a participación democrática”.

Sendo así, este é un chamamento para o noso SER e ESTAR na escola, nos distintos niveis e en diversos formatos. Infelizmente, nestes momentos non podemos ser e estar na escola dun xeito regulado pola Administración, como noutros territorios do Estado, tal e como expoñemos na revista, pero iso non significa que non esteamos dos xeitos máis diversos. Damos boa conta disto nas páxinas que seguen.


A estrutura da mesma quere comezar cunha visita a unha páxina na rede social Facebook que ten moito seguimento por parte da comunidade virtual socioeducativa. Continuamos contando algunhas experiencias en centros educativos desde algúns dos ámbitos de traballo da educación social: igualdade, acoso escolar, infancia en risco, absentismo escolar etc.

Nunha investigación destas características é obrigado (e é, sobre todo, un gusto) nomear a quen tivemos da man nesta andaina de recoñecemento institucional ao longo da nosa

historia; estamos a falar do *movemento de renovación pedagóxica* Nova Escola Galega, que aparecerá en distintos apartados da revista e a cal queremos poñer en valor e o como vimos traballando man a man no afianzamento e na defensa da educación pública, desde os nosos perfís profesionais complementarios e inescusables.

Coas portas abertas, acollemos tanto a profesionais como a estudiantado de educación social que compartiron connosco reflexións, experiencias e puntos de vista sobre a nosa inclusión na escola. Agora, compartímolos convosco.

Agardamos que vos guste a lectura!



# SER E FACER

ESPAZO DEDICADO A (RE)PENSAR O PAPEL DA EDUCACIÓN SOCIAL NO NOSO ENTORNO MÁIS INMEDIATO, A PARTIR DA PRESENTACIÓN DE DIFERENTES EXPERIENCIAS PROFESIONAIS QUE LEVAN ANOS APOSTANDO POLA EDUCACIÓN SOCIAL NO ÁMBITO ESCOLAR.

Na “Tarxeta de visita” amosamos unha iniciativa en redes sociais que reivindica o papel da profesión no sistema educativo. No apartado “Laboratorio creativo” descubrimos distintas experiencias nas que, a través da Educación Social, se achegan ao alumnado materias que van dende a educación afectivo-sexual ata a prevención do ciberbullying, pasando pola experiencia da educación pública portuguesa e a prevención da violencia de xénero. Ademais, afóndase na proposta que se defende dende a profesión e na situación actual de xeito xeral en Galicia.





# Coñecendo a páxina de Facebook de “Educación Social na Escola”

### Que equipo hai detrás?

Educación Social na Escola é unha páxina feita dende a educación social por dous profesionais con anos de experiencia no traballo con mocidade en dificultade social. O importante son os contidos e a finalidade da iniciativa, procurando permanecer no anonimato nun intento de universalizar as ideas que se lanzan e de non asumir protagonismos estériles. A páxina está aberta a que poidades enviar suxestións de contidos, que unha vez verificados serían difundidos.

### Cal é a finalidade da páxina?

Educación Social na Escola é unha páxina de Facebook que naceu co propósito de apoiar a visibilización da necesidade de incorporar a educación social ao sistema educativo galego. O factor social ten unha elevada incidencia nos procesos de exclusión escolar. As investigacións académicas da última década veñen evidenciando que as escolas que contan con perspectiva socioeducativa son máis eficaces no avance cara un sistema educativo equitativo. A páxina trata de achegar ás redes sociais as evidencias que demostran que sen educación social a escola nunca dará resposta ás necesidades do alumnado con dificultades de carácter social.

Por outra banda, tamén difunde outras cuestións de interese para a profesión. Nos últimos tempos ten

sido un elemento de promoción de informacións referentes ao cuestionado proceso de oposición que ten activado a Xunta de Galicia.

### Para que se fai este esforzo?

A páxina trata de pór o seu gran de area na construción dunha sociedade máis xusta. Un tema frecuente é o da infancia en dificultade social e a calidade na atención dos servizos que se lle prestan. Cunha Administración promotora do intrusismo laboral, coa convivencia dos sindicatos con representación na Xunta de Galicia, a páxina pretende pór de manifesto que o primeiro é sempre a infancia e a adolescencia vulnerable. Os intereses de terceiras persoas deben estar nun segundo lugar. Se non recoñecemos a especialización do acompañamento socioeducativo dificilmente vamos a garantir que o traballo sexa feito co rigor e coa calidade que se require. Trátase de sacar á luz pública as evidencias que demostran que só con educación social se poderá facer un acompañamento socioeducativo eficaz e profesional tanto na escola como no sistema de protección á infancia.



Laboratorio Creativo

Experiencia dunha  
Educadora Social nos Centros Quérote+



Isabel Presas Cacheda

Educadora Social Quérote+  
Santiago de Compostela

Ter que escribir sobre a miña experiencia como educadora social nos centros Quérote+ faime levar a vista atrás ó ano 2007 cando entrei a formar parte do equipo de traballo. Quérote iniciou a súa andaina no ano 2006 como unha rede de centros de información e asesoramento para a mocidade en materia de Educación Afectivo Sexual. No ano 2010 ampliáse o servizo, pasando a denominarse Quérote Máis e incluíndo novas áreas de intervención: convivencia, TIC, imaxe corporal e drogas. O equipo de traballo actual está constituído por educadores/as sociais, traballadores/as sociais e psicólogos. O obxectivo fundamental é dar resposta ás demandas da mocidade contribuíndo ao seu desenvolvemento integral.

Sen dúbida, o equipo humano é un dos piares fundamentais na estrutura de Quérote+. Formamos parte dunha engrenaxe sólida que posibilita que cada novo reto sexa asumido de xeito interdisciplinar para atender as diferentes demandas e particularidades que se presentan.

Ao longo destes anos, puiden comprobar como a través do servizo, mozos e mozas coñeceron a figura do educador/a social, chegando a elixir este perfil profesional para a súa formación académica, xa que anos máis tarde solicitaron a realización de prácticas en Quérote+. É moi gratificante coñecer o agrado da mocidade co traballo que desenvolvemos e que contemplan Quérote+ como un espazo para a súa formación profesional.

Unha das tarefas nas que investimos gran parte dos nosos esforzos é o deseño e implementación de programas educativos. Durante o curso escolar impartimos obradoiros en centros de ensinanza secundaria distribuídos por todo o territorio galego e tamén en entidades que así o soliciten. É unha forma fantástica de achegarnos á mocidade que nos permite traballar directamente contidos que son de vital importancia para o seu desenvolvemento.

Un dos programas máis demandados é o de Educación Afectivo Sexual. Na actualidade, existe certa tendencia a pensar que a mocidade está informada e que a sexualidade deixou de ser un tema tabú fai tempo. Non obstante, a nosa experiencia evidéncianos outra realidade ben distinta. Se ben é certo que a día de hoxe existe máis información e tamén maior facilidade de acceso a recursos (que fai unha década, por exemplo), os mozos e mozas seguen a propoñer as mesmas dúbidas que anos atrás, a ter dificultades de relación, conflitos coa súa autoestima e seguen sen coñecer aspectos básicos e inherentes ao feito de ser sexuado.

Nas demais temáticas incluídas na carta de servizos desenvolvemos os programas de: prevención do consumo de drogas, convivencia, imaxe corporal e uso seguro e responsable das TIC. En cada un dos obradoiros, os mozos e mozas manifestan a necesidade de recibir este tipo de contidos, xa que se atopan, en moitos casos, perdidos á hora de acceder a información veraz que lles

aporte solucións ás súas dúbidas e inquiredanzas co acompañamento que se precisa neste tipo de procesos.

Situacións coma esta (entre outras moitas) preséntanos unha sociedade na que a Educación Social é indisoluble dos procesos educativos. O ser humano non pode separarse en compartimentos estanco e todo o que forma parte da vida da persoa: dende o contexto, a familia, cultura, particularidades, etc.. repercute no seu proceso de aprendizaxe. De aí que teña que contemplarse a figura do educador/a social como parte do equipo nos centros de ensinanza.

O currículo escolar é cada vez máis esixente e a procura da excelencia educativa provoca a presión de estar nunha carreira de fondo que, supostamente, está a preparar a mocidade para cando teña que enfrontarse ó mundo laboral.

Non obstante, a miña impresión ao traballar nos centros educativos e compartir rutina coa mocidade, é que estamos desatendendo unha parte fundamental que é a educación para a vida: as relacións persoais, a construción dunha identidade libre de estereotipos e presións, a alfabetización emocional, os valores sociais, etc.

A sociedade cambia a unha velocidade de vertixe e vólvese fundamental facer unha revisión constante das demandas e necesidades que aparecen acotío. A era tecnolóxica preséntanos novos espazos de

relación e patróns comunicativos que esixen unha análise pormenorizada para unha intervención útil que repercute positivamente na vida das persoas. Sen dúbida, a Educación Social é quen de dar resposta a estas demandas sociais emerxentes para realizar un traballo centrado nas persoas e nas múltiples realidades que poden presentarse.

A intervención que desenvolvemos dende Quérote+ como educadoras/es sociais é dunha utilidade social manifesta, pero insuficiente. É imprescindible que as políticas educativas asuman que a educación social na escola é un elemento vertebrador capaz de dar resposta ás esixencias socio-educativas da mocidade.



The poster for Quérote+ features a background image of people's legs and feet, with various icons (speech bubble, megaphone, document, question mark, heart) overlaid. The main title 'Quérote+' is in a white brushstroke. Below it, the text reads 'Centro de Información e Asesoramento para a Mocidade GRATUITO - ANÓNIMO - CONFIDENCIAL' and 'CONTIGO, ESTEAS ONDE ESTEAS'. There are five columns of services: 'INFORMACIÓN E ASESORAMENTO' (Sexualidade, Anticoncepción, ITS, etc.), 'REALIZACIÓN DE PROBAS' (Test de embarazo, etc.), 'DISPENSACIÓN' (Preservativos, etc.), 'FORMACIÓN' (Mocidade, etc.), and 'PARTICIPACIÓN' (Campañas de sensibilización). At the bottom, it says 'CONTACTA CONNOSCO' and lists locations: A Coruña, Santiago, Vigo, Lugo, Ourense with phone numbers. Social media handles and a QR code are also present.

Ramón Molina Gómez

Educador Social

Arelar Xestión Socioeducativa

rmolina@arelar.gal



***Teatro foro:  
unha experiencia  
de educación social  
na escola nos centros  
educativos de Vilagarcía  
de Arousa.***

A convivencia é unha condición básica no proceso de socialización dos diferentes grupos sociais, pero este obxectivo atópase en ocasións con dificultades para ser acadado. Se nos situamos no contexto escolar, a promoción da convivencia positiva e satisfactoria pode atoparse con diversas problemáticas que dificultan as relacións interpersoais na comunidade educativa.

Nunha sociedade dixitalizada e en constante cambio, o *ciberbullying* é unha ameaza á convivencia na etapa educativa.

A educación social pode xogar un papel moi relevante nos centros educativos para afrontar o *ciberbullying* tanto dende unha dimensión preventiva, como dende a intervención directa unha vez detectado unha situación específica.

O presente artigo, pretende amosar o teatro foro

como unha técnica concreta de intervención nos centros educativos da man das e dos profesionais da educación social, achegándonos a unha experiencia impulsada nos centros de educación secundaria de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

### Como afrontar o *ciberbullying* dende a educación social?

Son múltiples as definicións existentes sobre o *ciberbullying*, e a maioría delas identifican a este como un tipo de acoso que emprega medios informáticos para desenvolver as condutas de frustración ou acoso, cara á vítima. Pero antes de afondar nos elementos definitorios e específicos do *ciberbullying*, faise necesario ter presente que na actualidade, o alumnado forma parte dunha *xeración interactiva* con atributos específicos en canto ao uso da tecnoloxía (Del Río, Sádaba e Bringué, 2010):



Son unha *xeración equipada*, xa que dispón de todo tipo de dispositivos a idades cada vez máis temperás.

É unha *xeración móbil*, que emprega o seu teléfono para unha multitude de tarefas, e sempre acompañados do teléfono móbil.

Estamos ante unha *xeración precoz* no referido ao proceso de interacción virtual.

Podemos identificar a este *xeración como multitarefa*, compatibilizando o uso das pantallas con outras tarefas cotiás.

Esta é unha *xeración* que se considera *emancipada*, en canto ao uso de espazos privados (habitacións) e o uso en solitario das pantallas.

Tendo en conta estas características de partida, en canto á poboación diana, o *ciberbullying* é un tipo de acoso que ofrece unha serie de singularidades en relación ao *bullying* “convencional”:

O uso dos medios e plataformas electrónicas no *ciberbullying* provoca o efecto de **viralización** dos actos de acoso, frustramento ou vexación do acosador/a cara a vítima.

O *ciberbullying* presenta unha **canle sempre aberta** ás situacións de acoso, xa que a rede presenta unha exposición permanente da vítima ante a persoa acosadora (24 horas ao día, 7 días á semana).

A posibilidade de desenvolver unha acción de *ciberbullying* dende o **anonimato**, aumenta a perda de empatía coa vítima e aumenta a vulnerabilidade

e o dano a esta, ao non ser coñecedora da orixe desas condutas de ciberacoso.

A dixitalización da nosa sociedade, e en especial na nosa mocidade como *xeración interactiva*, favorece que os casos de *ciberbullying* vaian en aumento ano tras ano dentro dos diferentes tipos de acoso.

Neste contexto, as e os profesionais da educación social son un perfil idóneo para abordar a problemática do *ciberbullying* na comunidade educativa, desenvolvendo diversas tarefas tanto na prevención como na intervención directa ante a aparición de diversas situacións de acoso. Á hora da intervención, existen protocolos de actuación nas diversas comunidades autónomas para identificar situacións de *bullying* e *ciberbullying* e contar con diversas actuacións a realizar con cada unha das persoas protagonistas: vítima, acosador/a, espectadores/as, familias, outros profesionais, etc...

En canto á prevención, a figura do educador/a social ten competencias para desenvolver actuacións en torno a 3 obxectivos fundamentais (Serrate, 2013):

Informar á comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias) das características do *ciberbullying* e as consecuencias que del se derivan en cada un dos seus protagonistas, de xeito que lles permita comprender o fenómeno.

Establecer programas específicos de formación no bo uso das tecnoloxías e redes de comunicación a través de internet, comprendendo as súas potencialidades e os seus riscos.

Crear espazos nos que se facilite a comunicación entre o alumnado e o resto da comunidade educativa para favorecer un bo clima escolar e mellorar o espazo de convivencia e as relacións interpersoais.

Neste senso, o/a profesional da educación social ten capacidade para achegar ferramentas e metodoloxías que permitan abordar estes 3 obxectivos. É neste intre onde o teatro foro amosa unha serie de posibilidades que dende a educación social permiten establecer programas de actuación capaces de abordar a problemática do *ciberbullying*.

### **O teatro foro: un instrumento con múltiples posibilidades**

O teatro foro é unha técnica teatral que xorde dentro do teatro do oprimido, desenvolvido por Augusto Boal (Río de Janeiro, 1931-2009), para facer fronte ás opresións e as estruturas de opresión dende a práctica teatral.

O *ciberbullying* pode ser unha desas opresións ás que facer fronte dende o teatro foro, e na que se fai protagonista ao público, achegando as súas propostas ou alternativas a situación de *ciberbullying* vivida na representación inicial.

### **Elementos principais nun teatro foro**

A revisión da proposta de Augusto Boal, ao redor dos elementos definitorios do teatro foro (Boal, 2002) e a propia reflexión dende o desenvolvemento de diversos proxectos socioeducativos ao redor do *ciberbullying* en contextos escolares, permítenos

identificar aqueles elementos fundamentais no teatro foro:

#### **O punto de partida**

A creación dun teatro foro aséntase nunha idea moi sinxela: a creación dunha situación de *ciberbullying* de cara á aprendizaxe das alternativas para afrontar esa opresión e a súa posterior posta en práctica.

#### **A dramaturxia**

Na creación dunha peza teatral nun teatro foro debe de prestarse especial atención a perfilar perfectamente ás personaxes partícipes nunha situación de *ciberbullying*, de cara a unha fácil identificación do público do seu rol, necesidades, intereses, etc. O traballo do alumnado ao longo das sesións preparatorias, á hora de perfilar á vítima, alumnado agresor, espectadoras/es das situacións de ciberacoso, familias, profesorado, etc. permítelles afondar na xénese da problemática a abordar, establecer preguntas pertinentes sobre as motivacións de cada personaxe, e que dimensión queremos que o público descubra por si mesmo.


#### **A posta en escena**

A posta en escena, permite presentar ao público unha realidade en torno ao *ciberbullying* que facilite a posterior intervención deste para transformar esa realidade (de feito Boal identifica ao público co termo de “espect-actores”).

O espazo escénico debe de permitir o “contacto” entre público, actrices e actores, creando un



# ÁRBOL del TEATRO del OPRIMIDO



clima de proximidade, xa que no teatro foro o protagonismo é plenamente compartido. Deste xeito, facilítase a través da expresión corporal de cada personaxe transmitir a esencia do mesmo, e tal e como indica Boal, “*que tódolos movementos e xestos sexan significantes con significados*” (Boal, 2002, p.69), o que facilitará abordar o *ciberbullying* dende unha óptica moito máis próxima.

### O momento do “xogo escénico”

Unha vez efectuada esta primeira representación, chega o momento de analizar a realidade de *ciberbullying* presentada, e aquí é onde adquiren todo o protagonismo as/os “espect-actores”, como elemento activo e partícipe da representación teatral, na procura de alternativas á opresión que vive a vítima.

Neste diálogo, xéranse novas propostas alternativas que son levadas a escena, co obxecto de mudar a realidade inicial de ciberacoso.

Ao final deste proceso, establécese unha transformación da realidade, entendéndoa como un xeito diferente de abordar a temática-problema con mellores perspectivas para os diferentes protagonistas da peza, o cal axuda tanto aos actores, actrices e “espect-actores” (alumnado no caso dos centros educativos) a integrar novas estratexias de facer fronte á situación de *ciberbullying* vivida.

Neste diálogo transformador ten un rol fundamental o que Boal denomina como *curinga*, é dicir, a persoa facilitadora do diálogo escénico entre a realidade representada e o público, favorecendo a súa participación e facilitando a reflexión e análise

da situación de *ciberbullying* representada. As e os profesionais da educación social, como xa explicamos con anterioridade, amosan o perfil idóneo para desenvolver a labor de *curinga*.

### O proxecto de “Prevenición do *ciberbullying* e bo uso das TIC’s” no Concello de Vilagarcía

A Concellaría de Benestar Social do Concello de Vilagarcía ben de desenvolver dende o curso 2018-2019 un proxecto de “Prevenición do *Ciberbullying* e bo uso das TIC’s” . Este proxecto aséntase nas catro pedras angulares deste artigo: *ciberbullying*, teatro foro, educación social e escola.

O Proxecto desenvólvese en catro centros de educación secundaria do Concello de Vilagarcía (IES Castro Alore, IES Fermín Bouza Brey, IES Armando Cotarelo Valedor e IES Miguel Ángel González Estévez) e permitiu introducir a técnica do teatro foro para a prevención do *ciberbullying*; e, ademais, impulsouse por profesionais da educación social en coordinación cos diferentes equipos directivos e departamentos de orientación de cada centro educativo.

A execución do proxecto require o desenvolvemento de varias fases que paso a citar brevemente:

Presentación do proxecto ao profesorado de cada centro: nesta fase establecéronse as ideas-forza do proxecto, destinatarias/os, organización dos tempos, etc...

Preparación do teatro foro: ao longo de 8 sesións de 2 horas, o alumnado traballa conxuntamente co educador ou educadora social na creación da peza

teatral; identificando os elementos fundamentais que se queren traballar en torno ao *ciberbullying*, perfilando personaxes e determinando os “cadros-escena” que se ensaian para a presentación final da peza.

Realización das sesións de teatro foro: unha vez preparado o recurso educativo que supón a peza de teatro foro, a súa posta en práctica significa un instrumento para a transformación da realidade vivida pola vítima e demais protagonistas. A través das achegas reflexionadas e vividas en primeira persoa polo alumnado “espect-actor”, este toma parte activa na abordaxe e mellora da situación de *ciberbullying* analizada e traballada.

O alumnado participante foi de grupos diversos: FP Básica, PMAR e ciclo superior de Animación e actividades físico deportivas, o que amosa a versatilidade do teatro foro. Como “espect-actor” participou alumnado de 1º e 2º de ESO, onde a problemática do *ciberbullying* ten unha incidencia importante nos centros educativos.

392 alumnas e alumnos participaron no proxecto de “Prevención do *ciberbullying* e bo uso das Tic’s” (81 como creadoras/es das pezas de teatro foro, 292 como “espect-actores” e 19 profesoras e profesores, ademais do equipo de educadores e educadoras sociais). No proxecto créanse 4 recursos educativos sobre o *ciberbullying* (“Noelia”, “Preso dunha foto”, Vladimir” e “Silencio mortal” ) e realizáronse un total de 14 representacións.

O desenvolvemento do proxecto requiriu dun minucioso traballo de coordinación entre a concellaría de Benestar social, o profesorado,

departamentos de orientación e as e os profesionais da educación social de cara a artellar o proxecto no seu conxunto:

Establecemento compartido dos obxectivos específicos en cada centro educativo.

Delimitación de grupos para a creación da peza de teatro foro.

Definición de tempos nos que desenvolver as sesións preparatorias previas e os teatro foro con cada grupo.

Definición dos grupos que participarían como público en cada sesión de teatro foro.

Elaboración das indicacións didácticas ao profesorado para traballar a participación do alumnado que se integra como público en cada sesión de teatro foro.

Establecemento de liñas de actuación complementarias coa comunidade educativa dos diferentes centros educativos (especialmente familias) para a sensibilización en torno ao *ciberbullying* e promovidas pola Concellaría de Benestar Social do Concello de Vilagarcía.

En definitiva, a converxencia de teatro foro, educación social e escola como mecanismos para traballar en torno á prevención do *ciberbullying*, nos centros de Vilagarcía de Arousa amosa unha serie de aspectos salientables:

O teatro foro é unha ferramenta moi versátil e de gran potencialidade para abordar a problemática do *bullying* ou o *ciberbullying* nos contextos

educativos, xa que o alumnado de Vilagarcía xerou recursos educativos de gran calidade para abordar esta problemática nas comunidades educativas dos centros participantes.

O proceso de creación dun teatro foro por parte do alumnado permitiulle a adquisición de múltiples competencias (lingüísticas, culturais, persoais, sociais...) pero, sobre todo, convérteos en cidadás/áns activos e implicados na análise e mellora das situacións de ciberacoso que poidan producirse no seu entorno escolar.

A participación directa nun teatro foro permite ao alumnado vivenciar un xeito de aprendizaxe estimulante e motivador, ao asumir o rol protagonista na procura de solucións prácticas na abordaxe do *ciberbullying* e o manexo das situacións dende a perspectiva da vítima, espectadores, comunidade educativa, etc., ao tempo que se establecen pautas para un bo manexo das TIC.

En definitiva, o teatro foro establécese como unha ferramenta moi produtiva para o traballo dende a educación social nos contextos escolares para dar resposta a unha problemática que, nunha sociedade plenamente dixitalizada e unha *xeración interactiva*, precisa dun afrontamento interdisciplinario na que a educación social debe xogar un rol determinante.

## Referencias Bibliográficas:

- Boal, A. (2002). Juegos para actores y no actores. Barcelona: Alba Editorial.
- Boal, A. (2009). Teatro del oprimido. Barcelona: Alba Editorial.
- Del Río, J., Sádaba, C. E Bringué, X (2010) Menores y redes ¿sociales?: De la amistad al ciberbullying. Revista de estudios de juventud, 88, 115-129.
- Molina, R. (2018). O teatro foro como instrumento para a educación social na escola. Revista Galega de Educación, 71, 64-68.
- Serrate, S. (2013). El educador social ante el fenómeno del ciberbullying. En S. Torío, O. García-Pérez e C.M. Fernández (Coords.), La crisis social y el estado del bienestar: las respuestas de la Pedagogía social (pp. 690-697). Recuperado de file:///C:/Users/Aula/Downloads/Dialnet-LaCrisisSocialYElEstadoDelBienestar-544351.pdf

Laboratorio Creativo

Experiencias de Educación Social  
na Escola en Galicia, máis alá da anécdota



Deibe Fernández Simo

Educador Social e Profesor  
Asociado da Universidade de  
Vigo

A evidencia científica ten máis que demostrada a necesidade de actuar socioeducativamente na escola. O fracaso escolar non é un proceso natural, trátase dunha construción na que inciden aspectos individuais, institucionais, familiares e sociais. O factor social é determinante no camiño da inserción escolar, especialmente no alumnado máis vulnerable. É precisamente o alumnado en dificultade social o que peor resultados obtén co actual modelo educativo, tendo evidentes consecuencias na súa vida adulta.

O imaxinario colectivo asocia a infancia en vulnerabilidade social a unha minoría; pola contra, a estatística reflicte unha realidade ben diferente. Segundo EAPN (2018), o 31,3% das persoas menores de 18 anos están en risco de exclusión social. Esta situación afecta especialmente aos fogares monomarentais (47,9%). Insisto no termo monomarental, xa que son as mulleres as que se responsabilizan do 83% dos fogares con menores e cunha soa persoa adulta ao cargo.

### Que intervención defendemos dende a educación social?

Actualmente observamos como institucións públicas, especialmente concellos, anuncian programas tan puntuais como breves. A intencionalidade inicial, sempre positiva, non leva aparellada a efectividade que se presupón. Seguindo a Escudero e Domínguez (2011), concordamos en que as medidas de carácter excepcional non inciden en modificacións nos sistemas, senón que contribúen a que esas actuacións se perpetúen.

É dicir, as intervencións que non se estenden no tempo non teñen como propósito introducir modificacións na acción dun entramado sistémico, nin teñen un impacto xeneralizado, e dificilmente logran acadar as metas que se pretenden.

É imperativo defender a presenza continua da educación social na escola. Non debemos conformarnos con accións de curta duración. É imprescindible que a Administración supere perspectivas cortoplacistas que teñen amosado ser pouco eficaces (Fernández-Simo e Cid, 2016). Nestes anos temos visto programas que tan só constan de dúas ou tres sesións en cada centro. A diagnose das necesidades do alumnado require de tempo, recurso de gran valor na acción socioeducativa, polo que se precisa unha flexibilización e adaptación do paradigma burocrático ás necesidades sociais. Actualmente é a convocatoria de subvención a que condiciona a duración do programa, e todas e todos sabemos que esas convocatorias fanse en función da organización burocrática, quedando ausente a realidade social sobre a que se quere incidir.

### Quere isto dicir que debemos renunciar ás actuacións de carácter puntual?

Non se trata diso, sempre é mellor facer algo que nada. Pero se a Administración pública pretende posibilitar espazos de transformación social e de apoderamento debe ter en conta aspectos fundamentais da acción socioeducativa: a integralidade; a xeneralización e a continuidade da actuación. A xeneralización posibilita que toda a poboación teña acceso á oportunidade que, por si

mesma, supón o acompañamento socioeducativo. Non podemos esquecer que as medidas excepcionais poden ter un carácter estigmatizador. Téndese a pensar que si se actúa unicamente nun caso e non se fai no resto será porque é preciso só nese espazo no que se intervén. Seguindo con esta lóxica, si un centro escolar conta cun programa sobre drogas e nos próximos nin se fala do tema, a nivel social pódese transmitir a mensaxe de que só nesa escola hai esa problemática. Desta cuestión téñenme falado docentes de diversos equipos cos que teño contacto. Evidentemente sabemos que non é así.

Unha escola que actúa sobre esta ou outras temáticas semellantes é activa e dinámica, tendo en conta na súa planificación institucional o sempre presente factor social. Os centros educativos que non contemplan accións socioeducativas simplemente non responden ás necesidades inherentes a todas as realidades escolares, pois ningunha escola está allea ao contexto social no que está inmersa. A ausencia da perspectiva socioeducativa é, en definitiva, unha práctica facilitadora da exclusión escolar e, consecuentemente, da reprodución das situacións de vulnerabilidade (Solano, 2008). Pola contra, a xeneralización é o proceso lóxico, actuando en todo o sistema.

Polo tanto, é imprescindible facilitar un acceso universal ao acompañamento socioeducativo, tanto ao alumnado como ás súas familias; sen esquecernos do profesorado, moitas veces superado polas necesidades dun estudiantado que precisa máis que a instrución planificada no currículo escolar. A

propia OCDE (2016) recoñece a necesidade de que a escola incida nas desigualdades sociais, traballe coas familias, teña en conta a cuestión de xénero, atenda ás familias monomarentais, promova a participación e desmantele as barreiras de carácter social. Os retos expostos só son asumibles contando coa educación social.

### Que se está a facer en Galicia?

A Xunta de Galicia ten pendente a introdución da educación social en todas as escolas galegas. O Ceesg ten feito incidencia para concienciar á Administración galega do que a literatura científica considera unha evidencia: que sen unha actuación no factor social non teremos unha escola equitativa.

No territorio galego contamos con educadoras e educadores sociais que están a facer un traballo de calidade nas escolas nas que están presentes. É o caso do programa Escola da Vida de IGAXES, que leva anos actuando en diversas escolas de Galicia. Combinan os obradoiros con todo o grupo aula, nos que se tratan aspectos de interese educativo, co traballo individualizado con alumnado en titorías e coa intervención con familias mediante un programa de competencias familiares.

No referente á aprendizaxe servizo, o alumnado de Educación Social da Universidade de Vigo participou nun proxecto que no curso pasado se desenvolveu no CEIP Manuel Luís Acuña de Ourense. A acción consistiu en intervencións dende o lecer nos tempos de recreo. Pendente dunha avaliación definitiva, cómpre considerar que pese á

limitación de recursos humanos e dos tempos de intervención, se constataron boas valoracións entre as partes implicadas.

Estes son só dous exemplos de boas prácticas do que se pode facer dende a acción socioeducativa nas escolas. Galicia ten pendente sumarse aos pasos dados por outros territorios e apuntalar iniciativas deste tipo que permitan a presenza de educadoras/es sociais en todo o sistema educativo galego.

## Referencias

EAPN (2018). El estado de la pobreza seguimiento del indicador de riesgo de pobreza y exclusión social en España 2008-2017. Recuperado de [https://www.eapn.es/estadodepobreza/ARCHIVO/documentos/Informe\\_AROPE\\_2018.pdf](https://www.eapn.es/estadodepobreza/ARCHIVO/documentos/Informe_AROPE_2018.pdf)

Fernández-Simo, D. e Cid, X.M. (2016). The underage protection system in Galicia (Spain). New needs for social and educational support with teens and youth in social difficulties. En T. Suikkanen-Malin, M. Vestila y Jussila, J. (ed.), *Foster Care, Childhood and Parenting in Contemporary Europe* (pp. 31-44). Kotka, Finland: Publications of Kymenlaakso University of Applied Sciences

OCDE (2016). Estudiantes de bajo rendimiento. Por qué se quedan atrás y cómo ayudarles a tener éxito. Recuperado de <http://www.oecd.org/pisa/keyfindings/PISA-2012-Estudiantes-de-bajo-rendimiento.pdf>.

Solano, J. (2008). La exclusión social a través de la desigualdad de oportunidades educativas. En M. Hernández (Ed.). *Exclusión social y desigualdad* (pp.105-130). Murcia: Universidad de Murcia.

Escudero, J. M., e Domínguez, B. M. (2011). Educación inclusiva y cambio escolar. *Revista iberoamericana de educación*, 55, 85–105.





Laboratório Criativo

# O valor educativo do Programa TEIP nas Escolas Públicas em Portugal

Daniela Gonçalves

Escola Superior de Educação  
de Paula Frassinetti | FEP-UCP/  
CEDH

[dag@esepf.pt](mailto:dag@esepf.pt)



## Contextualização

Criado em 1996, o Programa dos Territórios Educativos de Intervenção Prioritária (TEIP), conta com diversas versões, sendo que a partir do ano letivo de 2012/2013 entra em vigor o 3º Programa que materializou o seu alargamento a 137 Agrupamentos de Escolas públicas em Portugal, distribuídos pelas cinco Direções Regionais de Educação: 49 no Norte, 11 no Centro, 49 em Lisboa e Vale do Tejo, 17 no Alentejo e 11 no Algarve.

Os quatro objetivos centrais do Programa TEIP3 são, a saber:

- melhorar a qualidade das aprendizagens traduzida no sucesso educativo das alunas e os alunos;
- combater a indisciplina, o abandono escolar precoce e o absentismo; criar condições para a orientação educativa e a transição qualificada da escola para a vida ativa;
- promover a articulação entre a escola, as parcerias sociais e as instituições de formação presentes no território educativo.

Integram os territórios educativos de intervenção prioritária, os agrupamentos de escolas ou as escolas não agrupadas com elevado número de alunas/os em risco de exclusão social e escolar, identificados e selecionados a partir da análise de indicadores de resultados do sistema educativo e de indicadores sociais dos territórios em que as escolas se inserem.

Em Portugal, as Escolas TEIP beneficiam de medidas particulares, com vista à promoção de sucesso

escolar para todos e todas, nomeadamente na atribuição de mais horas nos horários do professorado, mais recursos –com a possibilidade de contratar outros e outras profissionais, como é o caso das e dos educadores sociais– a redução da dimensão das turmas, a flexibilização dos currículos, incentivo à permanência dos e das docentes nas escolas e, ainda, a criação de parcerias das escolas com instituições locais, famílias e autarquias.



### TEIP: programa bem sucedido

Devido às referidas singularidades dos territórios e das instituições educativas, globalmente, podemos considerar que os projetos TEIP estão essencialmente organizados a partir de problemas em termos do território e suas populações, objetivos, ações, metas e recursos.

Em 2012, na avaliação do programa TEIP2 ficou claro os enormes avanços alcançados: menos indisciplina, menos absentismo, mais sucesso escolar. Foi, deste modo, que a Direção-Geral de Educação (DGES) avaliou na altura os 105 Agrupamentos de Escolas públicas TEIP, concluindo que o trabalho que estas

instituições educativas realizam é fundamental.

Até ao final do ano letivo 2010/2011, o investimento foi aproximadamente de 20,5 milhões de euros. Deste total, 3.853.959 euros foram para aquisição de bens e serviços e 16,7 milhões foram para vencimentos. Entre 1 de Setembro de 2010 e 31 de Agosto de 2011, o número de profissionais do ensino e doutros âmbitos contratados nos TEIP: 491 professoras e professores, 186 animadores e animadoras socioculturais, 84 técnicos e técnicas de serviço social, 45 psicólogos e psicólogas, 40 mediadores e mediadoras, 37 educadores e educadoras sociais, entre outros.

Este investimento teve como resultados diretos a diminuição da percentagem de alunos e alunas que abandonaram a escola em todos os ciclos de ensino. No ensino básico, 62% dos Agrupamentos TEIP diminuiu a percentagem de alunas e alunos que não frequentam a escola.

Estes resultados devem-se, segundo as escolas,

ao trabalho das direções de turma e das equipas multidisciplinares.

### Apontamentos sobre o valor educativo do Programa TEIP

Se a Escola pertence a quem nela trabalham para lhe conferir pertinência, coerência e sentido, obrigatoriamente deve contemplar um verdadeiro projeto, que se identifica com uma ambição, isto é, um alvo estratégico e uma visão de futuro assente em princípios, valores e políticas que se aplicam na ação educativa e pedagógica com alunos e alunas. Portanto, a Escola pode mudar quando constrói consensos orientados para a ação, compatibiliza as normas nacionais com os projetos individuais e de grupo, mobiliza todas as “energias” e gera um Projeto Escola com uma liderança forte e mediadora de divergências e conflitos, no quadro de uma gestão participativa. Mesmo coexistindo ideias muito distintas acerca dos valores e práticas educacionais, apesar de ter que lidar com situações de conflito (que não podem ser ignoradas nem dissimuladas),



a escola pode mudar quando o conflito é encarado como uma experiência construtiva e desafiante.

Deste modo, todos os atores –educadoras e educadores sociais, animadores e animadoras socioculturais, psicólogos e psicólogas, assistentes sociais, etc.– devem estar presentes, quer ao nível da concepção, quer ao nível da orientação dos projetos, tendo em conta a importância dos “saberes extra-escolares” que estes e estas profissionais aportam.

O TEIP3 veio ainda consolidar o eixo de intervenção centrado na melhoria da qualidade das aprendizagens, sofisticando os dispositivos de monitorização, de forma a aferir objetivamente que soluções são mais eficazes e equitativas, bem como os sistemas de partilha e difusão das experiências bem sucedidas, com vista à formação de redes de inovação entre escolas. Neste contexto, não devemos abdicar do importante papel de especialistas (da psicologia, da educação social, assistentes sociais, da mediação, etc.) no acompanhamento dos alunos e alunas e das diversas iniciativas. Ora, potenciar o valor educativo e formativo de atividades pedagógicas organizadas pelos alunos e alunas de ciclos mais avançados e/ou convidando agentes da comunidade, pois as experiências neste sentido tendem a constituir um enorme incentivo e oportunidade de aprendizagem para todos os envolvidos. O acompanhamento e orientação das alunas e alunos como as salas temáticas e as tutorias, é uma iniciativa, entre outras, geradora de resultados positivos, tanto no combate ao insucesso e abandono, como na orientação educativa e envolvimento comunitário,





uma vez que respondem as necessidades fundamentais destes territórios.

Para além disto, é de salientar que este programa de territorialização das políticas educativas está devidamente associado a parcerias estratégicas com entidades centrais na administração e desenvolvimento dos territórios (Associação de Municípios, Ministério da Administração Interna, Instituto de Educação e Formação Profissional, Segurança Social, entre outros) e com outros programas sociais e educativos. Esta ação permite que os territórios sejam considerados prioritários também por outras entidades, fomentando intervenções mais estruturantes e estruturais.

Podemos ainda continuar a investir neste programa, no sentido de o desenvolver positivamente, ficando a recomendação de que os projetos TEIP sejam assumidos não só pelos Agrupamentos de Escolas, mas também por entidades vocacionadas para a gestão e intervenção territorial, nomeadamente, as juntas de freguesia e câmaras municipais, entre

outras com peso local, em particular associações de pais e mães e de moradores, empresas e cooperativas, serviços públicos, projetos de intervenção.

O compromisso e a implicação com o Programa TEIP tem que ser real e entendido de forma holística, exigindo uma participação continuada, que não reduz esta iniciativa bem sucedida à dimensão escolar.

Portanto, a escola inclusiva exige de maneira crescente a transformação educativa e uma intervenção que necessita de formação e articulação de saberes, entre outros profissionais, os e as educadoras sociais, pois impõem-se novos tipos de intervenções socioeducativas junto das crianças e jovens e nas relações, por todos, estabelecidas.

O desafio é enorme: educar a todas as crianças e a cada um(a) e para responder positivamente há que investir/praticar na interdependência profissional.

Laboratorio Creativo

Educando en Igualdade.  
Proxecto socioeducativo de prevención da  
violencia de xénero no Concello de Sober (Lugo)



Selene Arias Sáez

Educadora social

A introdución do feminismo na escola é unha tarefa urxente. A violencia cara as mulleres constituíu –e aínda constitúe– un problema silencioso que moitas veces ten lugar no espazo máis privado da vida das persoas. Aínda facendo menos ruído do que correspondería, na actualidade non somos nin debemos ser alleas/os a esta problemática social. Os medios de comunicación, diariamente, difunden imaxes e mensaxes que inciden nesta situación; unha situación que vai da man dunha educación e socialización patriarcal da que custa desprenderse.

Aínda considerando que é unha realidade vixente e coñecida por todos e todas, son moitas as mulleres que seguen a sufrir a problemática en silencio; tal e como reflicten as diferentes estatísticas que evidencian estas situacións de desigualdade, maltrato e violencia entre os xéneros. Por esta razón, alén da existencia desta circunstancia, propoñémonos diversas cuestións ás que como educadoras sociais debemos dar resposta nas etapas máis prontas da vida.

Educando en Igualdade emerxe como un proxecto de intervención social destinado a nenos, nenas e á mocidade en xeral, levado a cabo, tanto dentro do contexto escolar coma fóra del. Durante a súa planificación, tomouse como premisa a necesidade de comprender

que - para tratar de erradicar o fenómeno da violencia de xénero - é preciso incidir na estrutura social do patriarcado a fin de mudar determinadas concepcións e transformar actitudes e comportamentos en aras dunha sociedade máis xusta e igualitaria. Neste senso, a Educación Social preséntase como unha estratexia fundamental para a transformación de valores, modelos e vínculos que dan pé ou reproducen relacións desiguais.

O proxecto que aquí se describe, enmárcase dentro das medidas do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero no eixo 1: “Ruptura do silencio mediante o fomento das accións de sensibilización da sociedade e da prevención da violencia de xénero desenvolvendo accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade sobre o dano que producen a desigualdade e as condutas violentas e a axudar á toma de conciencia sobre o dano que producen a desigualdade e as condutas violentas e a axudar á toma de conciencia sobre a magnitude do problema da violencia contra as mulleres e as consecuencias que ten para a vida das mulleres e das súas crianzas. Estas actuacións terán como destinatarias principais a crianzas, adolescentes e mozos e mozas, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes” e reafirma o compromiso que a Educación Social presenta na erradicación da violencia de

xénero mediante a sensibilización nas idades máis temperás.

Para facer fronte a este desafío, a Asociación FEMforte, ubicada en Monforte de Lemos e integrada por profesionais de diferentes eidos, propónse dar resposta a dous obxectivos claramente diferenciados:

Por unha banda, preténdese previr a violencia de xénero e educar en igualdade á poboación do Concello de Sober e da súa contorna facendo fincapé na etapa da infancia e adolescencia, así como favorecer a dinamización social dende unha perspectiva transformadora, integral, integradora e sostible, que puxera énfase na creación de accións sinérxicas que implicasen aos diversos axentes da comunidade anteriormente nomeada.

A importancia de educar en igualdade de xénero desde idades temperás radica no potencial das crianzas. A estas idades están libres de prexuízos, polo que implementar un ensino igualitario repercute no seu desenvolvemento desde a perspectiva de xénero.

Este feito favorece a interiorización dun comportamento cívico en condicións igualitarias e cunha visión común, é dicir, unha actuación responsable na sociedade na que vivimos, onde polo feito de ser home ou muller

non debe establecerse a imposición duns determinados roles sociais.

Para lograr os obxectivos propostos polas profesionais, era preciso - por tanto - reconsiderar a concepción tradicional de masculinidade e feminidade, fomentar unha actitude crítica e igualitaria na construción de roles de xénero alternativos, coñecer ferramentas e mecanismos que contribúan á resolución de conflitos de xénero de maneira adecuada así como favorecer a detección precoz do problema da violencia nas súas fases iniciais por parte das e dos participantes.

En vista disto, e tal e como mencionaba ao comezo deste artigo, introducir o Feminismo na escola convertíase en necesario. Se algo tiñamos claro, era que Feminismo, Educación Social e Escola debían ir da man durante a meirande parte do proceso, polo que, a estratexia que se seguiu dende FEMforte foi a seguinte:

Decidimos contar cunha educadora social que traballa dende o punto de vista da atención centrada na persoa a fin de que a poboación chegue dunha maneira eminentemente práctica ós contidos sinalados e favorecer así a súa interiorización. Noelia, a educadora social, a través de diferentes sesións destinadas a nenos e nenas de Educación Primaria así



como a rapaces e rapazas de Educación Secundaria, encargouse de impartir talleres que pretendían reflexionar sobre os mitos e estereotipos en torno aos roles de xénero tradicionais, a violencia de xénero e o amor romántico, incidir e integrar actitudes, valores e modelos alternativos á agresión e á violencia, cuestionar os modelos de parella formulados tradicionalmente así como reflexionar sobre a sexualidade responsable dende o autoconhecimento e a xestión emocional.

Quixo tamén favorecer a identificación dos roles sexistas que os contos tradicionais asignan a mulleres e homes e desta maneira facilitar que nenos e nenos reflexionen sobre outros

modelos de mulleres e homes máis acordes coa sociedade actual.

A análise crítica é, como se pode observar, o eixo fundamental en torno ao que xiraron as distintas accións realizadas. Pretendeuse, a través desta metodoloxía, que as crianzas e a mocidade fosen e sexan educadas en igualdade social, no empoderamento, na equidade das relacións afectivas e na detección de relación tóxicas que poidan ser precursoras de situación de violencia de xénero.

A igualdade e a coeducación é un camiño que se debe iniciar nas familias e, sen dúbida, debe continuar nas aulas. Educación Social. Feminismo. Escola.



# Caixa de

# Ferramentas

“Cando a reflexión ten vontade de transformar a realidade que nos rodea debe ter un impacto ineludible nas prácticas profesionais que levamos a cabo, e para actuar precisamos dunha bagaxe de ferramentas que dean soporte á nosa acción.”

Nesta sección botamos un ollo arredor, para coñecer o que establecen as diferentes normativas sobre Educación Social e escola noutros territorios. Presentamos referencias legislativas e bibliográficas básicas neste eido, así como unha serie de recursos didácticos útiles para a intervención socioeducativa escolar. Finalmente, faise unha revisión dos múltiples artigos que a Revista Galega de Educación ten dedicado na súa historia á Educación Social na escola.



Alberto Fernández de  
Sanmamed Santos

1ª Presidencia do Ceesg



Sofía Riveiro Olveira

3ª Presidencia do Ceesg

A incorporación da figura profesional da educación social ao sistema educativo é un movemento imparable, froito da necesidade compartida polas educadoras e educadores sociais e profesionais do ensino regrado de dar resposta aos novos retos que presenta a educación no mundo actual. Neste artigo queremos presentar como está a situación en canto a normativa no Estado español, facendo especial referencia ás comunidades onde levan anos con este proceso dunha maneira máis institucional e regulada, así como nos pasos que se están a dar nos Colexios profesionais dos diferentes territorios, que, xunto co Consello Xeral de Colexios Profesionais de Educación Social, están a traballar cara esta sinerxia profesional e institucional vital.

### ***Territorios con normativa consolidada***

Como é sobradamente coñecido hai tres comunidades autónomas onde a figura da Educadora e o Educador social está incorporada nos centros educativos, Extremadura, Castilla-La Mancha e Andalucía. Vexamos como está a situación nestes territorios:

#### **EXTREMADURA**

É probablemente o proceso máis coñecido por ser un dos primeiros e significa un grande avance pola aposta política e decidida dunha Comunidade Autónoma. A incorporación, que se fai efectiva no curso 2002/03, está regulada

no “Convenio Único” e nas “Instrucións propias da Consellería de Educación”. Ase os educadores sociais están integrados nos Departamentos de Orientación e en coordinación coa Xefatura de estudos e os titores/as. En palabras de Galán (2008) dáse unha “integración orgánica e funcional” das e dos educadores sociais nos centros de ensino secundario, formando parte do persoal de administración e servizos, e dependendo do secretario ou secretaria do centro.

A educadora/educador social nos I.E.S. e I.E.S.O. de Extremadura é a persoa especializada que, seguindo as instrucións do Equipo directivo e en coordinación cos distintos Órganos de Centro, especialmente Departamento de Orientación, Titores/as e Departamento de Actividades Complementarias e extraescolares, participa no deseño e execución de actuacións encamiñadas a favorecer a convivencia escolar, implicando aos distintos sectores da Comunidade educativa e a esta coa contorna social no que está inmersa. Así mesmo, ocúpase de detectar os factores de risco que poidan derivar en situacións socioeducativas desfavorables.

O 25 de outubro de 2002 publicáronse as primeiras Instrucións da Dirección Xeral de Ordenación, Renovación e Centros polas que se establecían as funcións e ámbitos de actuación dos Educadores Sociais en Centros de Educación Secundaria da rede pública dependentes da

Consellería de Educación, Ciencia e Tecnoloxía da Junta de Extremadura.

Máis tarde, publicábanse as Instrucións da Dirección Xeral de Política Educativa do 27 de Xuño de 2006, nas que se concretaban as normas de carácter xeral ás que deben adecuar a súa organización e funcionamento os Institutos de Educación Secundaria e os Institutos de Educación Secundaria Obrigatoria de Extremadura; onde se recollían tamén as funcións da Educadora / Educador Social, así como a súa localización no centro.

Así, sinala no seu artigo 161:

“(…) o Educador Social integrarase funcionalmente no Departamento de Orientación, participando desde as súas propias responsabilidades profesionais nas funcións que ao devandito Departamento se lle asignan (...) e colaborando así mesmo no desenvolvemento das funcións do Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares”.

Ademais fálase das súas funcións nos artigos 162 e 163:

“As funcións do Educador Social serán preferentemente:

A detección e prevención de factores de risco que poidan derivar en situacións educativas desfavorables.

A mediación en conflitos escolares.

A colaboración na prevención e control do absentismo escolar.

A participación no desenvolvemento de habilidades sociais.

A coordinación, do transporte escolar, supervisando a recepción e saída do alumnado.

Atenderán á prevención e, no seu caso, á atención de situacións consecuencia da violencia de xénero”.

Finalmente, sinala no artigo 164 que “o Educador Social poderá participar, con voz pero sen voto, nas sesións dos órganos colexiados de goberno dos centros (...) e formará parte como membro de pleno dereito da comisión de convivencia do Consello Escolar (...)”.

A Lei de Educación de Extremadura 4/2011, publicada no BOE o 23 de marzo de 2011, no seu Título III (Comunidade Educativa), Capítulo V (Outros Axentes Educativos) trata de darlle cabida a todo o abordado anteriormente nestas instrucións e outras ordes e decretos desenvolvidos ao longo dos anos con presenza das educadoras/es sociais e sinala - no artigo 59 - que:

“Os Educadores Sociais intervirán nos centros públicos para contribuír á educación integral do alumnado e terán a consideración de axentes educativos de carácter non docente.

As funcións do educador social serán

fundamentalmente as seguintes:

Deseñar e executar accións que favorezan a convivencia escolar, en colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e social.

Detectar os factores de risco que poidan derivar en situacións socioeducativas desfavorables e contribuír á superación das mesmas.

Colaborar co profesorado do centro na acción tutorial e na mediación de conflitos, propiciando estratexias para a súa resolución.

Outras que determine a Administración educativa.

Os educadores sociais poderán participar, con voz e sen voto, no Claustro cando, a xuízo da Dirección do centro, os asuntos que se traten así o requiran”.

Máis recente é a “Instrución 2/2015 da Secretaría Xeral de Educación pola que se concretan determinados aspectos sobre a atención á Diversidade” segundo o establecido no Decreto 228/2014, do 14 de outubro, polo que se regula a resposta educativa á diversidade do alumnado na Comunidade Autónoma de Extremadura.

En 2016 o Copesex presentou a Proposta do “Catálogo de Funcións e Competencias da Educadora e o Educador Social nos I.E.S. e I.E.S.O.” á Consellería de Educación, á Secretaría

Xeral de Educación e ás Centrais Sindicais.

Tendo en conta esta traxectoria, queda patente o recoñecemento da educación social como una figura profesional necesaria e específica nos centros ordinarios, así como esa consideración de “axentes educativos”.

Actualmente as reivindicacións veñen a poñer de manifesto a necesidade de entrar tamén nos centros de educación infantil e primaria, onde contan coa figura de Auxiliar Técnica/o Educativo (ATE). Así o podemos comprobar na nova publicada no Diario de León do 12 de xaneiro de 2020:

“David Galán Carretero, educador social nun instituto de Mérida (Badajoz), explicou que todos os centros públicos de secundaria de Extremadura —141 en total— contan coa figura do educador social. Empezouse a implantar hai 17 anos e os resultados tradúcense en que «cortas os casos de acoso antes de que o sexan e o alumnado vente buscar». Ven a necesidade de que esta profesión entre tamén nos centros de Primaria”.

## CASTILLA-LA MANCHA

A Orde do 26 de xuño de 2002 da Consellería de Educación e Cultura pola que se desenvolven determinadas medidas contempladas no Plan para a Mellora da Educación Secundaria Obrigatoria en Castilla-La Mancha establece que “se dotará aos centros que o xustifiquen

suficientemente, previa demanda e informe favorable da Inspección Educativa, pola problemática de convivencia, dun educador social para que actuando de forma coordinada co titor e o orientador desenvolva tarefas de mediación e control en colaboración coas familias e con outras institucións. Así mesmo, desenvolverá medidas para asegurar a asistencia regular do alumnado ás clases, actuando naquelas situacións de alto risco con accións positivas de control e prevención do absentismo escolar”.

A través da Orde de 13 de setembro de 2002, da Consellería de Educación e Cultura, convócanse probas selectivas para a constitución dunha bolsa de traballo para o nomeamento de funcionarias/os interinos, polo que, a partir do curso 2003/2004, instáurase a figura da e do Educador Social no marco do Plan de Mellora da Educación Secundaria Obrigatoria, encadrándose como Persoal Funcionario dentro da Escala Técnica Sociosanitaria, Corpo Técnico (A2), Educador/a Social.

As funcións da e do Educador Social nos centros educativos de Castilla-La Mancha están relacionadas coa xestión do centro, traballo nas aulas de convivencia e as funcións relacionadas co asesoramento ao equipo directivo, ao profesorado e ás familias. Unha vez máis aparecen funcións de orientadas a velar pola convivencia, pero, non dun xeito ordinario, senón para aqueles centros que o soliciten e

o xustifiquen debidamente. Aí está o colexio profesional de educación social de Castilla-La Mancha coa súa reivindicación histórica de ampliar a presenza a todos os centros educativos.

## ANDALUCÍA

Mediante a Resolución do 16 de outubro de 2006, da Dirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Educación, pola que se realiza convocatoria para a cobertura provisional durante o curso 2006-2007 en postos de educación social no ámbito educativo, incorpórase esta figura profesional nos centros educativos para desenvolver as seguintes funcións:

“Intervención na aplicación de medidas dirixidas ao alumnado para a mellora da convivencia e colaboración co profesorado na consecución de tal fin.

Seguimento do alumnado absentista.

Mediación en conflitos: alumnado-centro-escola.

Desenvolvemento de programas para a educación de valores e a integración multicultural”.

Nese ano, o Decreto 19/2007, do 23 de xaneiro, polo que se adoptan medidas para a promoción da Cultura de Paz e a mellora da Convivencia nos Centros Educativos sostidos con fondos

públicos da Junta de Andalucía, dálle cabida á nosa profesión considerando “diversas medidas de apoio aos centros, como profesorado de apoio e educadores e educadoras sociais” (artigo 36. Outros profesionais) que destacan o carácter de persoal funcionario, as tarefas de intermediación educativa para convivencia escolar e a súa integración do departamento de orientación:

“Os equipos de orientación educativa que atendan a centros educativos que escolaricen alumnado que presente unha especial problemática de convivencia escolar adscribirán aos seus postos de traballo a persoal funcionario coa titulación de educador social, de acordo co que, a tales efectos determínese.

Este persoal desenvolverá tarefas de relación entre o centro educativo e as familias do alumnado, asumirá funcións de intermediación educativa entre este e o resto da comunidade educativa e colaborará co profesorado na atención educativa deste alumnado na aula de convivencia e no desenvolvemento de programas para a educación en valores e na mellora da convivencia escolar, todo iso de acordo co que se estableza no plan de convivencia.

Nos institutos de educación secundaria en que se escolarice alumnado cunha especial problemática de convivencia escolar poderase, así mesmo, adscribir aos seus postos de

traballo a persoal funcionario coa titulación de educador social. Este persoal, que se integrará no departamento de orientación, desenvolverá as tarefas que se recollen no apartado anterior”.

As instrucións do 17 de setembro de 2010 da Dirección Xeral de Participación e Innovación Educativa pola que se regula a intervención do Educador e Educadora Social no ámbito educativo en Andalucía sinalan na súa disposición sétima os ámbitos de intervención e as funcións das Educadoras e os Educadores Sociais, onde a súa intervención estará centrada na mellora das condicións sociais, familiares e persoais do alumnado en situación de desvantaxe sociocultural, tratando de normalizar o seu proceso formativo en relación co seu acceso, permanencia ou promoción no sistema educativo.

Os ámbitos de intervención serán os seguintes:

“Educación para a convivencia e resolución de conflitos.

Prevenção, seguimento e control do absentismo escolar.

Dinamización e participación familiar e comunitaria.

Acompañamento e titorización en situacións de risco para o alumnado.

Educación en valores e competencia social.



Intervención educativa con minorías étnicas e educación intercultural”.

Na Orde do 20 de xuño de 2011, pola que se adoptan medidas para a promoción da convivencia nos centros docentes sostidos con fondos públicos e regúlase o dereito das familias para participar no proceso educativo dos seus fillos e fillas da Junta de Andalucía, tamén aparecemos mencionadas/os, en relación á comisión de convivencia e/ou a aula de convivencia e ás tarefas de mediación que podemos realizar (artigos 6, 8 e 13).

Avanzando no tempo, o “Informe da convivencia escolar en Andalucía 2016” sinala que as e os Educadores Sociais están integrados en equipos multidisciplinares dentro dos Equipos de Orientación Educativa e engade que o persoal dos 156 equipos que compoñen a rede de Equipos de Orientación Educativa foi de 695 orientadoras/es e 68 Educadoras/es Sociais.

### ***Territorios polo bo camiño da regulación***

Pola súa actualidade e por ser un posible camiño a seguir, mencionaremos dúas comunidades autónomas onde nos últimos tempos están a darse experiencias interesantes con importantes resultados: Canarias e Baleares.

#### **CANARIAS**

No curso escolar 2018-2019 botou a andar un proxecto de pilotaxe socioeducativo “Educación

Social Escolar y Comunitaria, ESEC” que arroxo valores e resultados esperanzadores para a educación en Canarias. Lévese a cabo pola Consellería de Educación e Universidades do Goberno de Canarias en colaboración co Colexio Profesional de Educación Social de Canarias (Ceescan). Están 78 centros educativos implicados e 36 profesionais da educación social. Fixéronse unhas xornadas para avaliar a experiencia e este curso escolar continúan. Pódese ler un artigo íntegro sobre a experiencia Canaria nesta Galeduso.

#### **ILLES BALEARS**

É de sinalar que en Baleares se realizou unha interesantísima experiencia a través da posta en marcha dun posgrao co Título de “Especialista universitario de intervención socioeducativa do educador social nos centros educativos”.


Esta formación realizouse en colaboración coa Universidade. Outro dos acertos foi lograr a colaboración da Administración Autonómica, o que permitiu que non quedase simplemente nunha formación sen saídas laborais. Fixéronse dúas edicións presenciais e unha a distancia con gran demanda.

Esta formación levaba consigo a posta en marcha dun programa piloto en 8 centros da Comunidade, (6 para Mallorca -3 en Palma e 3 noutros municipios-, 1 para Menorca e 1 para Eivissa). Os cambios políticos e as novas

apostas políticas fixeron que este programa fose paralizado.

No curso pasado, a Consellería de Servizos Sociais e Cooperación, do Goberno das Illas Baleares, en data 28 de agosto de 2017, subscribiu un acordo de colaboración coa Consellería de Educación e Universidade para a implantación do Programa TISOC (persoal técnico en intervención sociocomunitaria) nos centros públicos de educación secundaria das Illas Baleares, mediante a inclusión da figura profesional en educación social (12 en Mallorca, 2 en Menorca e 4 en Eivissa).

O número de institutos de educación secundaria das Illas Baleares que participaron no programa foron 18: 10 IES durante o curso escolar 2017-2018 e 18 IES durante o curso escolar 2018-2019. A cada un asignouse un/a profesional de educación social.



## ***O papel das organizacións profesionais. O Cgcees***

Son innumerables as actuacións dos diversos colexios profesionais de impulso deste obxectivo a través de xornadas, acordos cos partidos políticos (recollendo a incorporación en programas electorais e propostas), acordos con AMPAS, sindicatos (realizando posicionamentos comúns), universidades e outras entidades (a través de publicacións ou estudos como, por exemplo -e así se pode apreciar noutro dos artigos desta mesma revista - o número 71 de 2019 de Educación Social, Revista de Intervención Socioeducativa cun monográfico sobre o tema que nos ocupa).

Ponse de manifesto que é unha demanda histórica. Existe un primeiro documento de ASEDES “O educador e a educadora social no estado español: unha concreción do seu traballo en centros escolares”, elaborado en 2004 baixo a coordinación da Asociación Estatal de Educadoras/es Sociais, coa colaboración dos Colexios e Asociacións existentes no momento e presentado ao Ministerio de Educación sen demasiado éxito. Si que foi un documento de referencia naquel momento para ser utilizado polos colexios e asociacións.

Este documento xa establece a liña de traballo para lograr a incorporación da nosa figura profesional ao sistema educativo regrado a través de distintas experiencias.

Desde ASEDES e o Consello Xeral (CGCEES) apostouse por situar esta reivindicación como un dos temas chave nos plans de traballo das diferentes vogalías ou grupos de traballo do Consello cara a profundar sobre o tema, ter contactos políticos etc. É de sinalar que ao estar transferidas as competencias de educación en todas as comunidades, agás Ceuta e Melilla, o obxectivo sería figurar nas leis estatais ou nos documentos orientativos do Ministerio.

Esta temática tamén ocupou un lugar distinguido nos Congresos Estatais de Educación Social, especialmente nos dous últimos celebrados en Valencia e Sevilla, onde foron varias as comunicacións presentadas, as mesas redondas ou pósters.

Pero o traballo do Consello non se parou en ningún momento e tentouse achegar a nosa visión sempre que as circunstancias políticas fosen favorables, por exemplo, a través do documento de: “Acheegas do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais ao borrador de propostas para un pacto social e político pola educación” (2010).

Desde a Presidencia do Consello e a Vogalía de Sociolaboral de CGCEES elaborouse un documento na liña dos anteriores e mantivéronse contactos coas persoas que tiñan encargada a elaboración do: LIBRO BRANCO DA PROFESIÓN DOCENTE e a súa CONTORNA ESCOLAR, José Antonio Marina, Carmen Pellicer

e Jesús Manso.

A conxuntura política non logrou que se puidese lexislar neste sentido de reforzar o ámbito socioeducativo, pero permitiu establecer relacións con diversos departamentos do Ministerio e que a nosa profesión fose máis coñecida fóra do ámbito puro dos servizos sociais, reforzando a nosa parte “educativa”.

Froito destas actuacións, o borrador xa publicado e entregado ao Ministerio di textualmente:

#### Novos perfís docentes

As especiais características da escola, que ten que comprender e adaptarse a un mundo complexo e cambiante, recomendan buscar a colaboración de distintas especialidades que deberían integrarse na escola.

#### Décimo Cuarta Proposta

Para poder cumprir mellor os seus obxectivos educativos, a escola debería integrar profesionais que veñen doutros dominios:

Educadores sociais. En varias comunidades autónomas asígnanse educadores sociais a Centros de especial dificultade ou conflictividade. Teñen especial interese a súa acción coas familias, os grupos aos que pertence o alumno, fortalecen a acción expansiva, cara ao exterior, da escola.

Sen entrar a valorar as diferentes propostas do Libro Branco e, por suposto, sen asumilas nin defendelas na súa totalidade, si que é un avance que figure como proposta a nosa incorporación e que esta proposta se debata por parte de quen lexisla.

Paralelamente a estas actuacións e ante as declaracións públicas de responsables ministeriais da necesidade de mellora do sistema, da incorporación de novas figuras e da posibilidade de retornar ao famoso Pacto de Estado de Educación, desde o Consello Xeral decidiuse retomar os contactos políticos cara a explorar posibilidades.

Enviáronse achegas con motivo do futuro Pacto de Estado pola Educación onde o CGCEES realiza as seguintes propostas concretas:

“Definición dos educadores sociais como persoal docente, entendendo que a súa actuación é educativa e que contribúe ao pleno desenvolvemento das persoas. Trátase de permitir que unha actuación que consideramos fundamental non só para o bo desenvolvemento dos centros educativos, senón para o pleno desenvolvemento das persoas a través da educación integral poida desenvolverse con plena normalidade nos centros educativos. Este recoñecemento como persoal docente, permitirá a estes profesionais integrarse plenamente na dinámica dos centros educativos con especial atención ás comisións

de convivencia, os plans e programas de convivencia, o apoio na función titorial e demais espazos de coordinación educativa e pedagóxica.

Incorporación dun educador/a social nos centros educativos nos que se ofrezan as etapas obrigatorias. Falamos por tanto de centros Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria. Propoñemos a súa incorporación aos departamentos de orientación en Educación Secundaria. Entre as súas funcións destacarían a mediación e a promoción da cultura de paz, o acompañamento ao alumnado en situación de risco, a prevención do absentismo e o abandono escolar e a educación para a participación e a creación de redes comunitarias, o apoio na función titorial e o asesoramento especializado ao profesorado en cuestións sociais.

Incorporación de educadores sociais aos equipos de orientación educativa de zona con obxecto de desenvolver programas integrais na comunidade, activar redes e recursos máis aló dos centros educativos, realizar programas de prevención, garantir o tránsito entre etapas educativas, desenvolvemento de programas de aprendizaxe baseada en servizos e o asesoramento especializado aos centros educativos.

Incorporación nos centros de formación do profesorado desenvolvendo e asesorando programas de formación en prevención de

violencia, intervención sobre acoso escolar, promoción da convivencia, mediación educativa, intervención sobre absentismo escolar, traballo en rede e coa comunidade, comunidades de aprendizaxe, metodoloxías activas, intervención e atención educativa sobre problemas fundamentais da desadaptación social”.

A día de hoxe, o CGCEES continua traballando en colaboración cos colexios profesionais en apostar por isto porque, como profesionais, podemos facer un sistema educativo de maior calidade xunto co profesorado e o mestrado, para que sexa máis útil ás nosas crianzas e que, como dicía o profesor portugués Antonio Novoa:

“Nunca como hoxe, tivemos unha conciencia tan nítida de que somos creadores e non apenas criaturas da historia... A inscrición do noso desenvolvemento persoal e profesional neste retrato histórico permite unha comprensión crítica de que fomos e de como somos”.

Somos conscientes de que somos unha profesión diferente, unha profesión necesaria e de que o ámbito educativo é un espazo propio para nós.

## **Bibliografía**

Conselleria de Serveis Sociais i Cooperació, Conselleria d'Educació i Universitat (2018). Memoria TISOC 2017-2018 Acompliment d'objectius del personal tècnic en intervenció sociocomunitària. Recuperado de [http://www.caib.es/sites/tisoc/ca/memaria\\_/](http://www.caib.es/sites/tisoc/ca/memaria_/)

Decreto 228/2014, de 14 de octubre, por el que se regula la respuesta educativa a la diversidad del alumnado en la Comunidad Autónoma de Extremadura (DOE, 202, de 21 de outubro de 2014) Recuperado de DOE 2011 - Nº 238.qxd

Decreto 19/2007, de 23 de enero, por el que se adoptan medidas para la promoción de la Cultura de Paz y la Mejora de la Convivencia en los Centros Educativos sostenidos con fondos públicos. Recuperado de <https://www.juntadeandalucia.es/boja/2007/25/2>

Galán Carretero, D. (2007). Modalidades de participación del educador social en la escuela. Aula de Innovación Educativa, 160 (2007), 27-28.

Instrucciones de la Dirección General de Ordenación, Renovación y Centros por las que se establecen las funciones y ámbitos de actuación de los Educadores Sociales en Centros de Educación Secundaria de la red pública dependientes de la Consejería de Educación, Ciencia y Tecnología de la Junta de Extremadura (25 de Octubre de 2002).

- Instrucciones de 17 de septiembre de 2010 de la Dirección General de Participación e Innovación Educativa por la que se regula la intervención del Educador y Educadora Social en el ámbito educativo de la Junta de Andalucía. Recuperado en <https://www.ugr.es/~cesartm/legislacion/InstruccionesIntervencionESAmbitoEducativo.pdf>
- Instrucción nº 14/2016, de la Secretaría General de Educación sobre la organización y funcionamiento del colectivo de auxiliar técnico educativo (ATE) en el ámbito educativo de la comunidad autónoma de Extremadura. Recuperado de [https://www.educarex.es/pub/cont/com/0004/documentos/Instruccion\\_ATE.pdf](https://www.educarex.es/pub/cont/com/0004/documentos/Instruccion_ATE.pdf)
- Laorden Gutiérrez, Cristina; Prado Nóvoa, Carmen; Royo García, Pilar (2006). Hacia una educación inclusiva. El papel del educador social en los centros educativos. Pulso revista de educación, 29 (2006), 77-93.
- Ley 4/2011, de 7 de Marzo, de Educación de Extremadura (BOE, 70, de 23 de marzo de 2011) Recuperado de Documento BOE-A-2011-5297.
- López, Rafel (2013). Las educadoras y los educadores sociales en centros escolares en el Estado Español. RES Revista de Educación Social, nº 16. Recuperado en [http://www.eduso.net/res/pdf/16/jor\\_res\\_%2016.pdf](http://www.eduso.net/res/pdf/16/jor_res_%2016.pdf)
- Observatorio para la Convivencia Escolar en Andalucía (2016). Informe de la Convivencia Escolar en Andalucía 2016. Recuperado de [https://www.juntadeandalucia.es/export/drupaljda/INFORME\\_OBSERVATORIO\\_CONVIVENCIA\\_ESCOLAR2016.pdf](https://www.juntadeandalucia.es/export/drupaljda/INFORME_OBSERVATORIO_CONVIVENCIA_ESCOLAR2016.pdf)
- Orden de 13/09/2002, Consejería de Educación y Cultura, por la que se convocan pruebas selectivas para la constitución de una bolsa de trabajo para el nombramiento de funcionarios interinos del Cuerpo Técnico, Escala Sociosanitaria, especialidad Educador Social, de la Administración de la Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha. Recuperado de <https://docm.castillalamancha.es/portaldocm/detalleDocumento?idDisposicion=123062771773630189>
- Orden de 20 de junio de 2011, por la que se adoptan medidas para la promoción de la convivencia en los centros docentes sostenidos con fondos públicos y se regula el derecho de las familias a participar en el proceso educativo de sus hijos e hijas, de la Junta de Andalucía (BOJA, 132, de 07 de xullo de 2011). Recuperado en <https://www.juntadeandalucia.es/boja/2011/132/1>
- Resolución de 16 de octubre de 2006, de la Dirección General de Gestión de Recursos Humanos, por la que se realiza convocatoria para la cobertura provisional durante el curso 2006-2007 en puestos de educación social en el ámbito educativo. Recuperado de <https://www.juntadeandalucia.es/boja/2006/213/boletin.213.pdf>



M. Carmen Morán de Castro  
Dpto. de Pedagogía e Didáctica

Universidade de  
Santiago de Compostela

Preséntase unha selección de referencias bibliográficas arredor do tema “educación social na escola” elaborada atendendo aos seguintes criterios:

- Actualidade: seleccionáronse referencias publicadas nos 10 últimos anos, entre 2009 e 2019.
- Empregáronse como descritores os termos:
  - Educación social-educadores sociais e escola/na escola/ (galego e castelán)
- Realizouse unha busca en bases de datos e a maiores un baleirado das seguintes revistas especializadas:
  - Revista de Educación Social (RES)
  - Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria
  - Educació social. Revista d'intervenció socioeducativa
  - Revista Galega de Educación
  - Revista interuniversitaria de formación del profesorado (AUFOP)

Ofrécense os resultados obtidos segundo monográficos de revistas, teses, libros, capítulos de libro, artigos.

### ***Monográficos de revista***

#### **Revista de Educación Social (RES) nº 16 (2012)**

Monográfico Educación social y escuela

<http://www.eduso.net/res/?b=20>

Akinaberri, M., Caballero, M., Huarte, J., Tanco, C., Biurrún Unzué, A., Etayo, Y., Urdániz, S. (2012) Educadoras y educadores sociales en los centros educativos. Hacia una integración Orgánica y Funcional en la Comunidad Foral de Navarra. <http://www.eduso.net/res/?b=20&c=193&n=642>

Benedí Sastre, M. del M., Cladera Bonnin, L., Cladera Coll, G., Ramos Díaz, T., Tijeras Rodríguez, A., Venini Bauzá, M. (2012). Servicio socioeducativa Programa Alter: una experiencia de educadoras y educadores sociales en los institutos de secundaria de Palma (Mallorca). [http://www.eduso.net/res/pdf/16/alter\\_res\\_16.pdf](http://www.eduso.net/res/pdf/16/alter_res_16.pdf)



- Borja Álvarez, J. (2012) Absentismo escolar, atención a la diversidad y educación social en los I.E.S de Vigo. [http://www.eduso.net/res/pdf/16/absen\\_res\\_16.pdf](http://www.eduso.net/res/pdf/16/absen_res_16.pdf)
- Caravaca Llamas, C., Sáez Olmos, J. (2012) La mediación: herramienta para la gestión de conflictos en la escuela. <http://www.eduso.net/res/?b=20&c=193&n=635>
- Castillo Carbonell, M. (2012) La aportación de los educadores y educadores sociales en la escuela: nuevas competencias, nuevas posibilidades. [http://www.eduso.net/res/pdf/16/aporescu\\_res\\_16\\_.pdf](http://www.eduso.net/res/pdf/16/aporescu_res_16_.pdf)
- Conde Vélez, S., Tirado Morueta, R. (2012) Convivencia escolar como espacio profesionalizador del educador/a social. [http://www.eduso.net/res/pdf/16/convi\\_res\\_16.pdf](http://www.eduso.net/res/pdf/16/convi_res_16.pdf)
- Corrotuelo Lastra, V., Bizkarralegorra Bravo, N., Landeta Zurinaga, Z. (2012) . Escuela y educación social: ¿Juntas o separadas? [http://www.eduso.net/res/pdf/16/esjun\\_res\\_%2016.pdf](http://www.eduso.net/res/pdf/16/esjun_res_%2016.pdf)
- García Vidal, M. (2012) Convivencia escolar: educación social en las escuelas. [http://www.eduso.net/res/pdf/16/convies\\_res\\_16.pdf](http://www.eduso.net/res/pdf/16/convies_res_16.pdf)
- Hernández Prados, M.A., Chamseddine Habib Allah, M. (2012) Escuela, inmigración y la figura del educador social. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=5360149>
- Hernández Prados, M.A., Tolino Fernández-Henarejos, A.C. (2012) Promoción de la figura del educador social en la escuela desde el Practicum de Educación Social de la Universidad de Murcia. [http://www.eduso.net/res/pdf/16/prac\\_res\\_16.pdf](http://www.eduso.net/res/pdf/16/prac_res_16.pdf)
- López Zaguirre, R. (2012). Las educadoras y los educadores sociales en centros escolares en el estado español. [http://www.eduso.net/res/pdf/16/jor\\_res\\_%2016.pdf](http://www.eduso.net/res/pdf/16/jor_res_%2016.pdf)
- Meerovich, M., Pérez, G. (2012). Educación Social y Educación Media. Nuestra posición de enseñantes en torno a la ampliación de la oferta y las miradas. <http://www.eduso.net/res/?b=20&c=193&n=618>
- Menacho Hernández, S. (2012) El educador social y la escuela. Justificación de la necesidad de la Educación Social en las escuelas. [http://www.eduso.net/res/pdf/16/eduesc\\_res\\_16.pdf](http://www.eduso.net/res/pdf/16/eduesc_res_16.pdf)
- Merino, R. (2012) La educación social en la escuela / la escuela en la educación social. [http://www.eduso.net/res/pdf/16/edues\\_res\\_16.pdf](http://www.eduso.net/res/pdf/16/edues_res_16.pdf)
- Muñoz Rico, A., Gelabert Horrach, M. (2012). Reforzar vínculos en la comunidad educativa a través de la intervención socioeducativa. <http://www.eduso.net/res/?b=20&c=194&n=650>

Ruiz Martínez, M. (2012). El educador en la escuela. Un ejemplo de intervención desde un enfoque intercultural. [http://www.eduso.net/res/pdf/16/escmultc\\_res\\_16.pdf](http://www.eduso.net/res/pdf/16/escmultc_res_16.pdf)

Vega Fuente, A. (2012) La educación social en la escuela: complemento imprescindible [http://www.eduso.net/res/pdf/16/escomple\\_res\\_16.pdf](http://www.eduso.net/res/pdf/16/escomple_res_16.pdf)

### **Revista interuniversitaria de formación del profesorado AUFOP, nº 89 (31.2), (2017)**

#### **Monográfico Profesores y educadores en el quehacer común de la educación**

[http://www.aufop.com/aufop/uploaded\\_files/revistas/15015220446.pdf](http://www.aufop.com/aufop/uploaded_files/revistas/15015220446.pdf)

Caballo, M. B., Gradaílle, R., Silva, A. (2017). Derecho a la Educación, Movilización Estudiantil y Desarrollo comunitario: la experiencia de Escuelas Ocupadas de Porto Alegre (Brasil).

Caride, J.A., Sanjurjo, L., Trillo, F. (2017). Maestros y educadores en el espacio común de las profesiones y la educación superior

Castro M.M., Gonçalves, D., Rodríguez J. (2017). Estrategias y recursos para el desarrollo de la cultura cooperativa entre profesorado y profesionales de la educación social en primaria.

Fernández, M.A, Rego, L., Masemann, M. (2017). La Formación Profesional ante los derechos humanos: cualificaciones asociadas a la Educación Social en España y Alemania.

Morán, M.C., Varela, L., Vargas, G. (2017). Interacciones entre Educación Secundaria y Educación Social. Un análisis de la formación inicial de sus profesionales en las universidades españolas.

Pose, H., Bayón, F. (2017). Construir el valor y la experiencia de la cultura en el espacio público. El caso de los centros de enseñanza obligatoria desde la óptica de la Educación Social.

Torre T. de la, Luis, M.I., Palmero C., Jiménez, A., Orosa, T. (2017). El modelo competencial del adulto en el siglo XXI y la formación inicial del Educador Social.

Úcar, X., Bertrán, M. (2017). Pedagogía Social y la atención y educación a la primera infancia.

Valdemoros, M<sup>ª</sup> A., Sáenz de Jubera, M., Alonso, R.A. (2017). Los centros de enseñanza y la educación del ocio. Percepción de los docentes españoles según áreas geográficas.

## **Educació social. Revista d'intervenció socioeducativa nº 71 (2019)**

### **Monográfico Educació social i escola**

<https://www.raco.cat/index.php/EducacioSocial/issue/view/26412/showToc>

Arpal, E. (2019). L'educació social a l'escola des del punt de vista dels professionals de l'educació social.

Bretones, E., Solé J., Meneses, J., Castillo, M., Fàbregues S. (2019). Què diuen els centres educatius de Catalunya sobre la incorporació d'educadores i educadors socials a les escoles i els instituts.

Castillo, M. (2019). Interrogants, debat, respostes.

Galán, D. (2019). La realitat dels educadors socials a l'Estat espanyol. Experiència evolutiva en els centres d'educació secundària d'Extremadura.

Labèrnia, A. (2019). Educació social i escola (editorial).

Monjas, Ll., Cufí, R. (2019). Una mirada a la realitat dels tècnics d'integració social i els treballadors socials a l'escola des de l'administració educativa catalana.

Sáez, L. (2019). Educadors i educadores socials a l'escola: el seu sentit, noves necessitats i noves estratègies.

Serrate, S., González, M. (2019). L'aportació dels educadors i educadores socials a la secundària: competències, funcions i criteris per a un nou àmbit de treball professional.

### **Revista Galega de Educación**

Borges, C. (2016). A educación social escolar en Alemaña. Revista Galega de Educación, 66, 44-46.

Cid, X.M., Cid, A. (2017) Educación social e escola: A Xunta ten a palabra. Revista Galega de Educación, 69, 84-85.

Galán, D. (2015). Educación social e escola: Educadores sociais en contextos escolares: un exemplo de acción en Estremadura. Revista Galega de Educación, 61, 62-65.

Iglesias, A. (2012) Educación social e escola. Menores na educación social, alumnos, no sistema educativo: voces (im)prescindibles na atención á diversidade. Revista Galega da Educación, 53, 82-85.

Lago, S. (2012) Educación social e escola: Da Educación Social na aula ao traballo comunitario en rede. Revista Galega de Educación, 52, 56-60.

Molina, R. (2018) O teatro foro como instrumento para a educación social na escola. *Revista Galega de Educación*, 71, 64-67.

Mouzo, L. (2010) A educación social no ámbito educativo e por que non? *Revista Galega de Educación*, 46, 70-71.

### ***Teses***

Sáez, L. (2016) La educación social como instrumento para la equidad social y la calidad del sistema educativo. Estudio centrado en la etapa de la E.S.O. Tese doutoral (Dirs: Pilar Gútiérrez Cuevas, Guillermo Domínguez Fernández). Universidad Complutense de Madrid.

### ***Libros***

Barranco, R., Díaz, M., Fernández, E. (2011) *El educador social en la educación secundaria*. Valencia: Nau Llibres.

Cid, X.M., Riveiro, S., Carrera, M.V., Castro, M., Rodríguez, X., Fernández-Sanmamed, A., Cid, A., Alonso, P., e Candia, F. (Coords.) (2018) *Educación social e escola. Unha análise da última década (2006-2016)*. Ourense: CEESG, NEG (Galicia), APTSES (Portugal), AEES SP (Brasil), SIPS. <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/16677>

### ***Capítulos de libro***

Alguacil, E.M. (2012) El educador social y la convivencia intercultural desde la escuela. En *Buenas prácticas en educación intercultural y mejora de la convivencia* / coord. por María Teresa Castilla Mesa, Víctor M. Martín Solbes, 2012, ISBN 978-84-9987-019-9, pág. 1017. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=4683094>

Barranco, R., Díaz, M. (2012) Educadores sociales en la escuela: límites y virtualidades. En *Pensar, mirar, exponerse: lecturas sobre infancia, adolescencia y juventud* / coord. por José García Molina, 2012, ISBN 9788476428412, págs. 129-135. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=5238872>

Julià, R., Pelegrí, X., Mata, A. (2017) La participación de los profesionales sociales en los centros educativos: encuentros y desencuentros. En *Familias y escuelas: discursos y prácticas sobre la participación*

en la escuela / coord. por Jordi Garreta i Bochaca, 2017, ISBN 978-84-368-3712-4, págs. 185-207. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=5903596>

López-Noguero, F. (2016) Educación Social en la escuela ¿Por qué?. En III Congreso Internacional Virtual innovación pedagógica y praxis educativa. INNOVAGOGÍA 2016 / E. López-Meneses (dir. congr.), David Cobos Sanchiz (dir. congr.), Antonio Hilario Martín Padilla (dir. congr.), Laura Molina García (dir. congr.), Alicia Jaén Martínez (dir. congr.), 2017, ISBN 978-84-608-8348-7, págs. 1304-1310. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=6331883>

Riberas, G., Vilar, J. (2017) El educador/a social: trabajo colaborativo en la escuela para el desarrollo de los derechos de la infancia. En Aulas virtuales, fórmulas y prácticas / coord. por Graciela Padilla Castillo, 2017, ISBN 9780008501440, págs. 641-655. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=6676793>

Suárez, A., Suárez, M., Fernández, M. (2012) El educador social: mediador necesario entre el alumnado que sufre inadaptación social, la escuela y la familia. En Menores en contextos de riesgo, 2012, ISBN 9788415364368, págs. 65-74. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=5074351>

Terrón, M.T., Cárdenas, R., Rebolledo, T. (2013) Diversidad cultural en el ámbito escolar: los/as educadores/as sociales como agentes de la intervención. En La crisis social y el estado del bienestar: las respuestas de la Pedagogía Social / coord. por Susana Torío López, Omar García Pérez, José Vicente Peña Calvo, Carmen María Fernández García, 2013, ISBN 978-84-16046-01-0, págs. 698-704. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=4507632>

## Artigos

Dapía, M.D., Fernández, M. R. (2018) Educación social y escuela en España. A propósito de la formación e inserción laboral. Revista Iberoamericana de Educación, 76(1), 209-228.

Esteban, M., Amador, L.V., García, R. (2017) Mediación en centros escolares: el papel de la educación social. Cuestiones pedagógicas: Revista de ciencias de la educación, 26, 83-96. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=6595978>

Ortega, J. (2014) Educación Social y enseñanza: los educadores sociales en los centros educativos, funciones y modelos. Edetania: estudios y propuestas socio-educativas, 45, 11-32. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=5009259>

# Recursos Didácticos para traballar desde a Educación Social no Ámbito Escolar

## Consello de Redacción coa colaboración de ASEUDUC (Asociación Socio-Educativa para a Educación)

Á hora de traballar co alumnado desenvolvendo actividades socioeducativas, tanto en educación primaria, secundaria ou bacharelato, resulta de utilidade botar man de recursos de todo tipo (audiovisuais, literarios, musicais etc.) que complementen ás mesmas. Entre outras cuestións, estes axudan a crear debates cooperativos e significativos que fomentan a aprendizaxe grupal.

Existen múltiples recursos dispoñibles dependendo da temática a traballar: igualdade de xénero e prevención das violencias machistas, sexualidade, acoso escolar, TIC, habilidades sociais etc.

A modo de exemplo, achegamos unha simple mostra destes materiais, clasificados por temáticas -poden ser as máis abordadas-, así como dalgúñas guías e webs de referencia sabendo que teñen infinidade de usos e adaptacións á diversidade de temáticas que traballamos desde a educación social nas aulas ou en outros contextos que poden ser socioeducativos:

## Educación Ambiental


### “La ballena llena”

Gajate, P. (2018)  
Co edición Sinplástico  
Paloma Gajate.  
ISBN: 978-84-09-07161-6




### “Sopa verde”

Madeira, Ângela &  
Charlier, Till (2013)  
OQO editora  
ISBN 978-84-9871-474-6



“O carballo con Botas”

Moure, A. (2009)  
Editorial: SOTELO BLANCO  
ISBN 13: 9788478246250



“O home que plantaba árbores”

Giono, Jean (2000)  
Editorial Galaxia. A Coruña  
ISBN : 978-84-9865-155-3



## Educación Afectivo-Sexual

“Mama puso un huevo!  
O como se hacen los niños”

Cole, Babette (1993)  
Ediciones Destino  
ISBN 9788423322886  
Temática: sexualidade



“Nicolás tiene dos papás”

Nicholls, L. y Gómez, R.  
(2014):  
Editorial: MOVILH  
Temática: diversidade  
sexual e familiar



“El diario rojo de Carlota”

Gemma Lienas (2004)  
Editorial: destino infantil  
y juvenil.  
Temática: educación sexual



“El diario rojo de Flanagan”

Jaume Ribera y Andreu Martín  
Editorial PPlaneta  
Temática: educación sexual



“Coeducación afectivoemocional  
e sexual”

Ferreiro, L. (Coord.) (2008)  
Xunta de Galicia.



# Igualdade

“#WETOO”

Salazar, Octavio. (2019)  
Editorial: Planeta  
Temática: feminismo, igualdade




“Superlola”

Otero, Gema (2018)  
Edicions 96  
Temática: igualdade



“Lalo, el príncipe rosa”

Otero, Gema (2018)  
Edicions 96  
Temática: igualdade



“O País dos Mandóns”

Rodríguez, Paloma e Justo, Cristina (2009)  
Colección A Igualdade Conta  
Edicións Embora



“O Libro dos Porcos”

Anthony Browne (ilustración) e  
Xosé Manuel González Barreiro  
(traducción) (1986)  
Kalandraka  
ISBN: 978-84-8464-571-9



“A Urna dos Deseños”

Rodríguez, Paloma e Justo, Cristina (2010)  
Colección A Igualdade Conta  
Edicións Embora



“Micromachismos.  
De micro nada”

Fiadeiras-Ceesg (2015)  
A Coruña  
Edicións Embora





## Educación en Valores

“Cuentos para antes de despertar”

Nunila López y  
Myriam Cameros (2012)  
Editorial: Planeta  
Temática: educación en valores



“Emocionario. Di lo que sientes”

Cristina Núñez Pereira;  
Rafael Romero (2013)  
Editorial: Palabras aladas  
Temática: emociones



“Imago. Una mirada  
a la educación social”

Educablog (2010)  
Fotolibro autoeditado  
ISBN: 978-84-697-9256-8




“Pan de millo”

Padrón, Dani (2013)  
Kalandraka  
ISBN: 987-84-8464-847-5



“Elmer, el elefante multicolor”

Mckee, David (2016)  
Temática: solidaridad,  
respeto, amizade



“Habilidades para la vida: Aprender a ser  
y aprender a convivir en la escuela”

Giraldez, Andrea y Prince, Emma-Sue  
(2019)  
Biblioteca Innovación Educativa, nº 21.  
PCC Editorial.

Andrea Giraldez Hayes  
y Emma-Sue Prince  
**Habilidades  
para la vida**

Aprender a ser  
y aprender a convivir  
en la escuela  
Prólogo de Miguel Ángel Santos Guerra

SECRETARÍA  
GENERAL  
EDUCATIVA



## Videos e Películas

### IGUALDADE DE XÉNERO

El Príncipe Ceniciento

[https://www.youtube.com/watch?v=suq\\_ONP\\_ObE&feature=emb\\_title](https://www.youtube.com/watch?v=suq_ONP_ObE&feature=emb_title)

100 comentarios machistas que las mujeres escuchan desde niñas

<https://www.youtube.com/watch?v=D2HEeL3XjU4>

### VIOLENCIA MACHISTA

Serie de 5 cortometrajes “Encuentra el verdadero amor”

<https://www.youtube.com/watch?v=xdCCSyatVx0>

Campaña “no te pierdas, sin libertad no hay amor”

<https://www.youtube.com/watch?v=JR4ez2QYap8>

Cortos – es + “Sin pensarlo dos veces”

<https://www.youtube.com/watch?v=RwInq2IR2hU>

### ORIENTACIÓN E DIVERSIDADE SEXUAL

“In a heartbeat” <https://www.youtube.com/watch?v=2REkk9SCRn0>

“El vestido nuevo” <https://www.youtube.com/watch?v=LVDfnQPUYLY>

### EDUCACIÓN EMOCIONAL

“Ip” <https://www.youtube.com/watch?v=07d2dXHYb94>

“Cuerdas” [https://www.youtube.com/watch?v=4INwx\\_tmTKw](https://www.youtube.com/watch?v=4INwx_tmTKw)

### EDUCACIÓN NAS REDES SOCIAIS

X nada <https://www.youtube.com/watch?v=REA80mMaCsY>

Serie de vídeos Pantallas Amigas <https://www.youtube.com/user/pantallasamigas>

### EDUCACIÓN EN VALORES

“Binta y la Gran idea” (2009), Javier Fesser, Productora “Tus ojos”

<https://www.youtube.com/watch?v=meLXF1I1FE8>

“Precious”

Daniels L. 2009. Precious (cinta cinematográfica). EEUU. Productora: Harpo productions, Lee Daniels Entertainment

“Kirikou e a bruxa”

Ocelot M.I, 1998. Kirikou et la sorcière (longametraxe de animación). Francia, Bélxica e Luxemburgo

Produtora: France 3

A viaxe do ADN (2006):

<https://www.youtube.com/watch?v=YBU2-qmIYCc>

### ACOSO ESCOLAR

“Cobardes”

Corbacho, J. e Cruz, J. (2007). Cobardes (cinta cinematográfica). España. Produtora: Filmax / Ensueño

Films

“STOP BULLYING”

Subze & Diego Ojeda:

<https://www.youtube.com/watch?v=BbcrcpdnxS7A>

“El Langui - SE BUSCAN VALIENTES”

(Videoclip oficial)

<https://www.youtube.com/watch?v=DY1EEwUWg9g>

### DISCAPACIDADE

“Vida” e “Máis ca Vida”

Riós, R. (2015). Vida (curtametraxe) e Máis ca Vida (documental). España. Produtora: Claqueta Coqueta

“Campeones”

Fesser, J, 2018. Campeones (cinta cinematográfica). España.

Produtora: Morena Films, Películas Pendelton, Movistar +

“Paxaros de algodón”

(2014-2015) Felpeto, X. M.. Aspanaes As Pontes. Concellería de Servizos Sociais. Concello de As Pontes

### MAIORES

Up (2009)

<https://www.youtube.com/watch?v=kyRtZAZ-UXM>

Enrugas (2011)

<https://www.youtube.com/watch?v=jsoTN3Mjo5Y>

## Guías e materiais

### NI OGROS NI PRINCESAS, GUÍA PARA LA EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL EN LA ESO

COORDINACIÓN TÉCNICA:

Adelina Lena Ordóñez, Instituto Asturiano de la Mujer, Consejería de Presidencia, Justicia e Igualdad

Ana Gloria Blanco Orviz, Consejería de Educación y Ciencia

María Dolores Rubio Fernández, Consejería de Salud y Servicios Sanitarios

EDICIÓN: Consejería de Salud y Servicios Sanitarios

## CULTIVANDO EMOCIONES

COORDINACIÓN TÉCNICA: Agustín Carauna Vañó, M<sup>a</sup>Pilar Tercero Giménez (personas asesoras del CEFIRE de Elda)

EDICIÓN: Generalitat Valenciana, Consellería d'Educació, Formació i Ocupació.

## CULTIVANDO EMOCIONES 2

COORDINACIÓN TÉCNICA: Agustín Carauna Vañó, Nieves Gomis Selva (personas asesoras del CEFIRE de Elda)

EDICIÓN: Generalitat Valenciana, Consellería d'Educació, Formació i Ocupació.

## CUADERNO DE ACTIVIDADES PRIMARIA. GUÍA PRÁCTICA DE COEDUCACIÓN PARA EL PROFESORADO

Edita: Agrupación de Desarrollo para la Igualdad en la Campiña y la Sierra Sur (ADICSSUR) e I.C. Equal "Vía Verde para la Igualdad".

Coordinación técnica: Equipo técnico I.C. Equal "Vía Verde para la Igualdad".

Elaboración: Amara: sexología y género s.c. y equipo técnico I.C. Equal "Vía Verde para la Igualdad".

## COLECCIÓN "ANDE YO VALIENTE"

De contos libres de estereotipos, desigualdade e sexismo.

## COLECCIÓN "ÉRASE DOS VECES"

É unha segunda oportunidade para os contos de sempre. Sen sexismo, sen violencia nin desigualdade. Máxicos, divertidos e coeducativos.

## GUÍA METODOLÓGICA PARA EDUCADORAS Y EDUCADORES SOCIALES: EDUCAR EN IGUALDAD / IGUALDAD EN EDUCAR

Copesa (2012)

ISBN (13): 978-84-695-2480-0



# Sección de Educación Social e Escola na Revista Galega de Educación de Nova Escola Galega



Belén Piñeiro Álvarez

Sofía Riveiro Olveira

Educadoras Sociais colexiadas

### Xa antes existíamos!

Afondar na traxectoria e orixes desta nosa profesión no territorio galego foi contido da Galeduso nº 12 “Historia da Educación Social en Galicia”, unha posta en valor da nosa memoria; a que nos axudou a entender mellor como foron os comezos, como chegamos ata aquí, onde estamos na situación actual e como seguir camiñando. Facer memoria dos ámbitos profesionais tradicionais da educación social en Galicia, así como os novos que foron xurdindo co paso do tempo, obriga a dirixir a mirada á Revista Galega de Educación de Nova Escola Galega, que liderou desde a perspectiva da renovación pedagóxica a reivindicación -con diversas voces- o sentido da educación social nos centros educativos.

Un dos valores esenciais que nos une con Nova Escola Galega é a defensa da educación. Neste

sentido, e ao igual que o Ceesg, teñen distintas vías de comunicación e difusión do que fan, do que debaten e do que investigan. O que para nós é a Galeduso é para Nova Escola Galega (en diante, NEG) a Revista Galega de Educación (en diante, RGE).

Mergullándonos nas publicacións desta revista desde 1986 ata 2019 - un total de 74 números analizados - descubrimos que moitos dos temas que dan título aos monográficos teñen que ver cos ámbitos de actuación nos que levamos tempo traballando. Algúns exemplos son:

- xaneiro 1992, nº13 Educación Ambiental;
- maio 1994, nº19 O xogo;
- abril-maio-xuño 1995, nº 23 Necesidades Educativas Especiais;
- maio 1999, nº 33 Educación e Dereitos Humanos;
- decembro 2005, nº 34 Unha educación diversa;

- xuño 2006, nº 35 Os museos;
- outubro 2006, nº 36 Familias e escolas;
- febreiro 2014, nº 58 Cooperación e desenvolvemento;
- xuño 2014, nº 59 O reto de aprender nos cárceres;
- novembro 2016, nº 66 Infancias, desprotección social e educación;
- marzo 2017, nº 67 Educación e servizos sociais;
- marzo 2019, nº 73 Ensinar....non sen o teatro;
- novembro 2010, nº 48 As bibliotecas escolares;

Como se pode comprobar, fai tempo xa que se ampliaron os tres ámbitos profesionais ‘clásicos’ da profesión (educación de persoas adultas, animación sociocultural e marxinación-inadaptación) nos que comezamos hai unhas cantas décadas, a outros máis novidosos ou menos coñecidos.

Seguramente, desde unha ollada ampla, xenerosa e integral, en todos os números da RGE veríamos educación social, pero quixemos poñer o foco naqueles números, seccións e artigos nos que ademais se estar de xeito latente, a súa consideración fose explícita.

### A educación social explícita na RGE

Cando aparece o monográfico sobre a nosa profesión é baixo a coordinación de José Antonio Caride Gómez, en 1996 co nº 27 “Educación Social”. Nesta ocasión atopamos chiscadelas e reflexións de diversas autorías sobre a nosa formación universitaria e profesión con sumo respecto e paixón; deste xeito podemos ler “Os desafíos da Educación Social” da man do propio profesor Caride, ou enterarnos de “A dimensión práctica

da formación” da man de M<sup>a</sup> Belén Caballo Villar, Francisco X. Candia Durán, Carmen Castro Pamba e Eva López Soto, por mencionar aquí algunha das obrigadas lecturas para coñecernos mellor.

Crece a nosa presenza imparabile na RGE coa nova sección Educación Social e Escola que, desde 2005, xira arredor da elaboración de recursos educativos e a posta en valor de experiencias prácticas de educación social na escola. Isto favorece que nos seguintes números aparezan publicacións asinadas por profesionais da educación social, tanto nesta nova sección como noutras, ilustrándose o sentido do noso quefacer en contextos e espazos socioeducativos tan diversos como museos, cárceres, aulas hospitalarias, o teatro, desde o rural na cooperación para o desenvolvemento etc.,



evidenciando a natureza polifacética desta profesión.

Esta sección estréase no número 34 da RGE, titulado “Unha Educación Diversa”, e serán Xesús Rodríguez Rodríguez e Helena Zapico Barbeito os encargados de darlle contido, co artigo “Os educadores/as sociais na elaboración de recursos educativos para as persoas maiores”.

A partir deste momento, os asomos da educación social foron constantes, importantes e variados, permitindo deixar constancia do traballo realizado a prol da educación social na escola, entre outros quefaceres na defensa da profesión e dos ámbitos de actuación tradicionais e novosos:

nº	mes	ano	artigo	autoría
34	decembro	2005	Os educadores/as sociais na elaboración de recursos educativos para as persoas maiores	Rodríguez Rdguez, X., Zapico Barbeito, M <sup>a</sup> H.
35	xuño	2006	A escola: ¿punto de encontro entre o profesorado e as educadores/as sociais?	Xesús Rodríguez Rodríguez M <sup>a</sup> Montserrat Castro Rdguez Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez
36	outubro	2006	II Xornadas “A escola, punto de encontro entre o profesorado e educadores/as sociais”	Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez Montserrat Castro Rdguez Xesús Rdguez Rdguez Mariló Candedo Gunturiz X. Manuel Cid Fdez
42	novembro	2008	III Escola de Primavera: Educación Social e Cidadanía. Intervención na Escola e na Comunidade.	María José Caride Delgado Andrea Fdez Resille Montse Sánchez Barcia Alfonso Tembrás López Águeda Valín Armas
43	abril	2009	Entroido e Identidade. Un punto de encontro entre culturas	Alexandre Sotelino Losada
44	xuño	2009	Os pedagogos nos equipos de menores	Mercedes Agulleiro Outes Elena Rivas Vieites

45	novembro	2009	Acompañamento ás familias na educación: o papel do profesional	M <sup>a</sup> Sara Paz Combarro
46	abril	2010	A educación social no ámbito educativo, e por que non?	Leticia Mouzo Suárez
47	xuño	2010	O protocolo de absentismo escolar da provincia da Coruña	Elena Rivas Vieites
49	xuño	2011	A importancia da educación para a saúde e as habilidades sociais na escola	David Saavedra Piñeiro
51	decembro	2011	Vivir a integración: Educadora social e estudante con NEE	Sandra Mosquera Paredes
52	febreiro	2012	Da educación social na aula a traballo comunitario en rede.	Serghio Lago
53	xuño	2012	Menores da educación social, alumnos no sistema educativo: voces (im)prescindibles na atención á diversidade	Ana Iglesias Galdo
54	novembro	2012	Hai excursións e excursións! A educación nun EPA dentro dun centro penal.	Benito Otero
56	xuño	2013	Novos profesionais de atención socioeducativa nos centros de ensino	Margarita Glez Sánchez Sara Serrate Glez
57	novembro	2013	Infancias e Educación Social: prácticas socioeducativas en contextos residenciais en Galicia	Laura Cruz López
58	febreiro	2014	O conto: Do centro de recursos ás aulas de primaria	María Paz Peña
59	xuño	2014	Escola e comunidade. A experiencia dunha educadora social en prácticas no IES Antonio Fraguas	Laura Morales
61	abril	2015	Educadores sociais en contextos escolares: un exemplo de acción en Estremadura	David Galán
63	novembro	2015	Os Bancos do Tempo: unha iniciativa pedagóxica e social para a dinamización comunitaria	Andrea Maroñas José A. Caride Gómez Rita Gradaille Pernas



64	febreiro	2016	Fomento formativo da resiliencia con menores desprotexidos e abandonados	Robert Opora Rebeca García Murias
65	xuño	2016	Na procura da socialización en galego da infancia. O proxecto Apego	Nel Vidal Barral
66	novembro	2016	A educación social escolar en Alemaña	Carolina Borges Veloso
68	xuño	2017	O papel do educador social en escolas públicas do Programa TEIP	José Luis Gonçalves
69	novembro	2017	Educación social e escola. A Xunta ten a palabra	Xosé Manuel Cid Fdez. Antía Cid Riguez.
71	xuño	2018	O teatro foro como instrumento para a educación social na escola	Ramón Molina Gómez
72	decembro	2018	Educadores sociais nas escolas? Unha revisión bibliográfica	Ana M. Amigo-Ventureira

Recóllense máis dunha vintena de ocasións nas que a Educación Social ten presenza nunha publicación que, segundo a súa propia definición é “unha publicación pedagóxica, en lingua galega, dirixida ao profesorado e, en xeral, aos educadores/as e técnicos/as da educación en Galicia; plural e construída desde as posicións de reforma democrática da educación, ao servizo dunha sociedade solidaria, libre e cultural e lingüísticamente normalizada, posicións todas elas preconizadas polo conxunto de Movementos de Renovación Pedagóxica e singularmente por Nova Escola Galega”. Isto é, a naturalidade desta situación non precisa nin de xustificación nin de argumentario, porque vamos da man desde os inicios, sincronizadas, complementadas, cumprindo co valor da inclusión, porque as profesións educativas pretenden sempre iso, a inclusión respectando a diversidade.

### Nomes propios da Educación Social na RGE

É difícil manter un criterio obxectivo na selección de nomes propios a destacar fronte a outros, pois serán máis ou menos relevantes para unhas ou outras persoas en función do coñecemento profesional ou persoal de quen escribe na RGE. Con todo, atopamos referentes tanto no colectivo profesional da educación social como no mundo académico; inclúense aquí profesionais de recoñecido prestixio, que formaron parte das distintas xuntas de goberno do Ceessg, que nos formaron nas universidades e/ou que traballaron connosco nalgún momento. Así, ademais de publicar, asumiron a coordinación de monográficos, asegurando a nosa valía e recoñecido dominio de certos ámbitos como poden ser os seguintes números:

nº	mes	ano	monográfico	coordinado por
27	xullo-agosto- setembro-outubro	1996	A Educación Social	JOSÉ ANTONIO CARIDE GÓMEZ
36	outubro	2006	Familias e Escolas	LOIS FERRADÁS
43	abril	2009	diversidade e inclusión	MANUEL ARMAS CASTRO E M <sup>a</sup> MONTSERRAT CASTRO RDGUEZ.
49	xuño	2011	concellos e educación	M. BELÉN CABALLO VILLAR E XOSÉ MANUEL RODRIGUEZ-ABELLA
58	febreiro	2014	cooperación e desenvolvemento	MARÍA CARIDE E GERMÁN VARGAS
59	xuño	2014	O reto de aprender nos cárceles	MAR LORENZO MOLEDO E CRISTINA VARELA PORTELA
61	abril	2015	afirmando a escola pública	ANTÓN COSTA RICO
66	novembro	2016	infancias, desprotección social e educación	ANA IGLESIAS E LAURA CRUZ
67	marzo	2017	educación e servizos sociais	LAURA VARELA CRESPO E CARMEN MORÁN DE CASTRO
71	xuño	2018	A titoría educativa	CRISTINA CEINOS, ELENA REY, MIGUEL A. NOGUEIRA PÉREZ

Seguindo cos nomes propios, son moitas as colaboracións e achegas feitas por persoas do noso colectivo ao longo destes máis de trinta anos de Revista Galega de Educación, tal e como se mostra na táboa que segue.

Queda deste xeito expresado o noso agradecemento a Nova Escola Galega unha vez máis, por ternos en conta do mesmo xeito que nós, o Ceesg, temos en alta estima e moi en conta todo o que fai Neg.

### Temáticas da RGE


1. A formación do profesorado
2. As novas tecnoloxías e a escola: a imaxe
3. A escola rural
4. Globalización e imerdisciplinabilidade
5. A Reforma das Medias
6. Os pais na escola
7. A educación matemática
8. Socioloxía da educación
9. A saúde na escola
10. O ensino das ciencias
11. O profesorado
12. A educación das persoas adultas

13. Educación ambiental
14. Ensinar a aprender
15. A lectura
16. A Educación Primaria
17. A dimensión internacional da nosa Educación
18. Os contidos transversais
19. O Xogo
20. A televisión
21. A organización escolar
22. A Educación Secundaria Obrigatoria
23. Necesidades educativas especiais
24. As avaliacións
25. A normalización da lingua
26. Celestín Freinet
27. Educación Social
28. Educación Dramática
29. Orientación escolar e titoría
30. Programas Educativos Europeos
31. A Educación Infantil
32. Escola e sociedade da información
33. Educación e dereitos humanos
34. Unha educación diversa
35. Os museos
36. Familias e escolas
37. O patrimonio lúdico galego
38. Competencia dixital e ferramentas TIC
39. A orientación
40. A arte da educación
41. Literatura oral e educación
42. A formación profesional
43. Diversidade e Inclusión
44. Xente, espazos e lugares
45. A Inspección
46. Aulas hospitalarias
47. A música tradicional
48. As bibliotecas escolares
49. Concellos e Educación
50. 25 anos de RGE
51. Os xoguetes tradicionais
52. A educación física
53. As escolas dos americanos
54. Construindo os afectos desde a escola
55. A organización dos centros escolares
56. Educación cero-3
57. Aprendemos con Rosalía
58. Cooperación e desenvolvemento
59. O reto de aprender nos cárceres
60. Ponte...nas Ondas!...da Lusofonía
61. Afirmando a escola pública
62. Redes sociais e ensino
63. Educando coas matemáticas
64. Ensinar....non sen a poesía
65. A lingua na educación infantil
66. Infancia, desprotección social e educación
67. Educación e servizos sociais
68. Aprendendo con videoxogos
69. Ciencias sociais para o ben común
70. Traballo por proxectos
71. A titoría educativa
72. Servizos complementarios
73. Ensinar...non sen teatro
74. Filosofía para nenas e nenos

# Tempos de Educación Social

“Os tempos son chegados, di o himno galego, e nós queremos dicir que a educación social tamén ten os seus tempos, tanto nunha perspectiva temporal do pasado, como a actual e a prospectiva”

No apartado “Lembrando a...” (tempo pasado) recóllese unha retrospectiva sobre o traballo realizado a prol da incorporación de profesionais da Educación Social no sistema educativo galego. En “Que está pasando con...” (tempo presente) poñemos a mirada na situación da Educación Social no ámbito escolar noutros territorios do estado. E en “Preocúpanos...” (tempo futuro) coñecemos, como referencia para o futuro, a experiencia canaria do “Plan de intervención socioeducativa experimental”, onde cobra protagonismo a Educación Social.



Lembrando a...

## Educación Social e Escola: Crónica da historia recente



Mariló Candedo Gunturiz  
Nova Escola Galega

Esta breve análise pretende ofrecer unha reflexión retrospectiva sobre o traballo realizado a prol da incorporación dos profesionais da educación social ao sistema educativo galego, demanda que no noso país non atopou resposta satisfactoria por parte da administración educativa, malia que a realidade educativa dos centros escolares reclame a intervención doutros profesionais complementarios ao profesorado para facilitar o cumprimento das crecentes funcións sociais que a escola está chamada a desenvolver á altura do século XXI.

No noso país a evolución desta reivindicación tivo como protagonistas de partida ao Colexio Profesional de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e ao movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega, actores sociais pioneiros en poñer sobre a mesa para o debate profesional e social si a escola podía ser un espazo de encontro para o profesorado e as/os profesionais da educación social. Baixo este interrogante celebráronse no ano 2005 as I Xornadas de Educación Social e Escola, co propósito de explorar a viabilidade e as finalidades desa colaboración profesional no marco da institución escolar. Ese primeiro achegamento concluíu cunha resposta positiva – si, a institución escolar pode e debe ser

ese espazo de encontro profesional – e o compromiso de avanzarmos no coñecemento de fórmulas de colaboración que posibilitaran a apertura da escola á realidade sociocomunitaria.

No ano 2006 organizáronse as II Xornadas, nas que tivemos oportunidade de coñecer baixo que premisas estaba xurdindo en diferentes comunidades autónomas do estado esta colaboración, en que ámbitos se concretaba, e que primeiros efectos se estaban producindo na institución escolar. Unha institución organizada baixo un modelo academicista, afeita a un certo repregamento sobre si mesma, con perfís e culturas profesionais ocupadas na transmisión de coñecemento, sobre a que se demanda un traballo socioeducativo que dea resposta as problemáticas sociais que afectan ás comunidades educativas. Aquel encontro achegou un marco de conclusións e unha folla de ruta que animaron un amplo espazo de traballo conxunto, aberto á incorporación de entidades e institucións cuxa colaboración resultaba imprescindible. Un traballo en fronte variadas: formación, investigación, desenvolvemento de Iniciativas concretas e apertura de interlocución coa administración educativa e con diferentes administracións locais así como con entidades representativas da comunidade educativa.

Naquela altura do ano 2006 puxérase o foco en varias ideas-forza:

- A primeira delas refírese ao modelo de escola que se precisa para a sociedade do século XXI. A sociedade debe clarificar que escola necesita sobre a base de reformular as funcións sociais que lle son esixibles; e, ese proceso de revisión debe ser aberto e participativo. Non pode facerse exclusivamente desde o punto de vista profesional ou institucional porque do que se trata tamén é de que se produzan avances recíprocos, involucrando á sociedade no compromiso coa escola, tendendo pontes desde as potencialidades educativas das institucións sociais. Manter a delegación dos retos e problemáticas sociais na escola, sen lle prestar o menor apoio, e sen ofrecer alternativas que comprometan e impliquen a outros colectivos profesionais e outros recursos que non sexan exclusivamente escolares non resulta xa responsable. Naqueles comezos advertíase con moita lucidez, que de non se producir ese proceso de reformulación e clarificación, a integración de distintos profesionais da educación e o traballo colaborativo entre eles no marco escolar sería máis difícil, xa que se carecería dun marco suficientemente

articulado que outorgase sentido ao seu labor.

- Outro dos eixes da reflexión iniciais tiña que ver coa consideración das motivacións que animaban a incorporación dos e das profesionais da educación social ao marco escolar naquelas comunidades autónomas en que comezaba a regularse, prestando atención ás características dun proceso que se prevía emerxente e sumativo, sen desbotar a análise de experiencias nas que se consideraba a intervención destes profesionais no contexto da comunidade educativa, á marxe da regulación da administración educativa. Aquelas análises identificaron as súas funcións en ámbitos relacionados coa mellora da convivencia, a atención á diversidade, a prevención dos problemas de exclusión social, a configuración educativa do tempo de lecer, a potenciación da educación en valores, ou optimización dos vínculos entre a escola e o contexto sociocomunitario de referencia.
- O terceiro núcleo de conclusións tiña que ver coas alternativas para integraren o traballo dos e das profesionais da educación social ao marco escolar, fixándose naquela altura da análise, dúas posibilidades:

a) A incorporación dos educadores e educadoras sociais ao marco escolar, integrados nos departamentos de orientación, decisión que lle cumpriría tomar á administración educativa baixo unha regulación e convocatorias específicas.

b) A presenza e colaboración das/os profesionais da educación social coa escola, desde distintas instancias do contexto sociocomunitario (administración local, asociacións etc.)

Aquelas II Xornadas estableceron para o futuro máis inmediato un marco de colaboración ampliado á presenza de representantes das universidades galegas, coa finalidade de afondar na incorporación de elementos formativos directamente relacionados co binomio educación social – escola nos graos das titulacións de educación.

Logo da súa celebración, tal e como se acordara, traballouse arreo na procura dunha interlocución produtiva coa administración educativa, á que se lle presentaron informes nos que se salientaba o proceso que estaba acontecendo noutras comunidades do estado. Infelizmente a administración educativa galega non se quixo situar en sintonía co proceso desenvolvido por outras administracións

homólogas doutros territorios, afastándose así da crecente demanda que neste sentido se foi producindo por parte de diversas organizacións representativas dos diferentes sectores da comunidade educativa, como as anpas, as organizacións sindicais ou os movementos de renovación pedagóxica.

Este movemento crecente xerou expectativas moi positivas, anticipando a creación dun estado de opinión favorable á facilitación deste proceso por parte da comunidade educativa e da sociedade, agardando que, finalmente, os responsables políticos fosen receptivos e impulsasen a incorporación dos e das profesionais da educación social ao sistema educativo, como parte das medidas axeitadas para a promoción do éxito escolar e do desenvolvemento dun marco educativo inclusivo, capaz de enfrontar o problema do fracaso e o abandono escolar, de proporcións comparativamente avultadas no noso país respecto dos países da nosa contorna.

Porén, as políticas educativas desenvolvidas nestes anos, acentuadas na súa crueza co estoupido da crise financeira, seguiron orientacións ben contrarias. Ás medidas restritivas coñecidas como “recortes” acompañáronse dun discurso de desprestixio



das institucións educativas e do conseguinte desleixo da administración, combinado co reforzamento de fórmulas diversas de “privatización” educativa. Iniciouse ademais un novo proceso de mudanzas legislativas que afectaron por unha banda ao sistema educativo, coa caótica e convulsa tramitación da LOMCE (2013), e por outra, ás competencias da administración local, con repercusións en materias tan sensibles como a educación ou os servizos sociais, mediante a tramitación da Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local. Nestes anos a comunidade educativa entregouse a un exercicio permanente de defensividade que impediu propor coa prudencia necesaria os cambios que o sistema precisa para atender ás funcións sociais que lle son propias. Foron moi “malos tempos para a lírica”, nos que medraron as desigualdades sociais, e, minguaron as fórmulas educativas – programas ou servizos – desde as que facerlles fronte, contribuíndo a unha ralentización nas dinámicas de incorporación da educación social como ferramenta profesional no sistema educativo. Malia todo hai que sinalar, na parte positiva, que naquelas comunidades pioneiras non foi cuestionada esta incorporación, manténdose mesmo baixo gobernos de distinto perfil

ideolóxico, aspecto que resulta relevante para avanzar nos consensos básicos sobre o sistema educativo e o seu carácter inclusivo.

Co obxecto de facer un balanço dunha década decisiva organizouse baixo un formato de Congreso, pero mantendo na convocatoria a idea de continuidade nas Xornadas, o I Congreso Internacional e III Xornadas sobre Educación Social e Escola: Análise dunha década (2006-2016) celebrado en Ourense en 2016 cuxas Actas viron a luz en 2018. Da análise dese avultado documento pode concluírse que hai avances innegables, ao tempo que persisten



temas recorrentes, nos que queda moito por facer.

No capítulo dos avances podemos anotar que na formación das/os profesionais da educación (non só dos educadores e das educadoras sociais, senón tamén do profesorado, persoas orientadoras etc.) veuse incrementada a presenza da preocupación polas achegas provenientes da educación social, tanto na súa consideración teórica como no coñecemento e difusión de experiencias. Non é suficiente aínda, e convén establecer espazos de encontro e convivencia na formación inicial e na actualización do conxunto de profesionais da educación para traballar desde a interdisciplinariedade e cun enfoque transversal que permita un achegamento integral á realidade escolar.

No tocante ao debate sobre funcións profesionais no contexto escolar hai diferenzas derivadas das distintas normas promulgadas polas administracións educativas, que o colectivo profesional entende como un atranco pola excesiva diversidade e dispersión de tarefas encomendadas. O perfil de profesional “todoterreo” non garante o desenvolvemento responsable de tarefas profesionais que precisan de tempos e espazos atinados.

Respecto dos modelos de integración, neste tempo de análise seguiron estando vixentes ambos, incrementándose o número de comunidades autónomas que decidiron facer unha incorporación formal ao sistema educativo desta figura profesional. Naquelas, como é o caso galego, nas que a intervención no marco escolar faise a través de programas que a administración local ou entidades asociativas ofrecen aos centros educativos, tamén foron medrando as iniciativas e experiencias, se ben albíscase o problema do escaso traballo colaborativo e interprofesional que pode redundar nunha transformación máis ampla das experiencias escolares, evitando a simple externalización de problemáticas educativas a uns/unhas profesionais con perfil diferente.

En definitiva, nestes trazos da historia recente pode recoñecerse o xermolo dun traballo que debe atopar a súa continuidade e aspirar a conseguir que a administración educativa se comprometa coas súas finalidades transformadoras, afianzando a colaboración institucional e social con outros colectivos e entidades.

O logro dun sistema educativo inclusivo e a conquista real da sociedade educadora animan este proxecto.

Que está pasando con...

## A teima da Educación Social na Escola nos distintos territorios do Estado



### Consello de redacción

Incorporar e regular o perfil profesional da Educación Social na escola é unha teima compartida alén da Galiza. Tendo en conta esta perspectiva, decidimos consultar aos nosos e ás nosas colegas por aquelas accións específicas desenvolvidas nos colexios profesionais dos diferentes territorios do Estado español e tamén polo Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales (CGCEES), coa vontade de aportar unha visión conxunta do camiño percorrido nesta reivindicación histórica.

Esta consulta completámola con investigación propia, pero aínda así, somos coñecedoras de que non está todo o que se fai, nin están todos os territorios que fan, pois por diversos motivos este artigo queda sesgado e coa necesidade de

seguir completando con accións que cada vez son máis e en máis lugares.

Temos en conta tamén os anos de creación dos outros colexios profesionais e a capacidade de resposta e de atención a todos os encargos que cada día chegan a estes.

Por iso, somos conscientes do mellorable do escrito, pero tamén concordamos que estas iniciativas favorecen un coñecemento máis amplo do que está a acontecer con esta teima de que poidamos estar presentes na escola.

De seguido, presentamos os fitos máis destacados que levan feito desde os distintos colexios profesionais de educación social do estado:

ANO	ACCIÓNS
2006	<p>Negociacións coa Administración para a incorporación experimental de educadoras/es sociais ao ámbito educativo.</p> <p>Formación: Curso “necesidades de novos perfís profesionais nos centros educativos: os educadores sociais” (30 horas de duración).</p> <p>Resolución de 16 de outubro de 2006 da Dirección Gral de Gestión de Recursos Humanos de la Consejería de Educación de la Junta de Andalucía, pola que se realiza convocatoria para a cobertura provisional durante o curso 2006-2007 en postos de educación social no ámbito educativo. O requisito que deben cumprir as/os aspirantes é contar coa diplomatura en Educación Social, sen incluír ás persoas habilitadas.</p> <p>Interponse recurso de reposición contra a Resolución do 16 de outubro de 2006 pola discriminación ás persoas habilitadas profesionalmente ou con títulos análogos á diplomatura de Educación Social. Foi desestimado.</p>
2007	<p>Decreto 19/2007, de 23 de xaneiro, polo que se adoptan medidas para a promoción da Cultura de Paz e a Mellora da Convivencia nos Centros Educativos sostidos con fondos públicos. Inclúese o perfil profesional da educación social.</p>
2008	<p>Interponse recurso de reposición contra a Resolución do 16 de outubro de 2006 pola discriminación ás persoas habilitadas profesionalmente ou con títulos análogos á diplomatura de Educación Social. Foi desestimado.</p> <p>Orde de 16 de xaneiro de 2008, pola que se convocan probas selectivas, polo sistema de acceso libre, para ingreso en opcións do Corpo de Técnicos de Grao Medio da Xunta de Andalucía. Inclúese a figura de Educación Social.</p>
2009	<p>Preséntase unha demanda contenciosa administrativa ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Sevilla que tamén foi desestimada.</p>
2010	<p>Publícanse as instrucións da Dirección xeral de participación e innovación educativa polas que se regula a intervención do educador/a social no ámbito educativo.</p>

2013	Formación: “II Jornadas. La educación social en el sistema educativo. Escuela y Participación. De las comunidades de aprendizaje a las redes educativas comunitarias”.
2014	Formación: “III Jornadas de intercambio de experiencias. La educación social en el sistema educativo”.
2015	Convenio de colaboración entre a Consejería de Educación, Cultura y Deporte e o Colegio Profesional de Educadoras y Educadores Sociales de Andalucía (COPESA).
(non temos máis datos actuais)	

## Baleares

23-01-2020: publicación en Facebook sobre a memoria dos obxectivos do persoal TISOC do curso 2018-2019.

09/12/2019 publicación sobre curso da UNED-Illes Balears “Assetjament i ciberassetjament (bullying i ciberbullying)

03/12/2019 publicación Facebook: Artigo “Els/les educadors-es socials als centres de secundària: obrint les escoles a la comunitat” que aparece no Anuario da Educación das Illas Balears de 2019

25/11/19: publicación Facebook: Curso da UNED-Illes Balears “L’educació social a l’escola: un futur per construir”. Modalitat: presencial ou en liña.

20/11/19: publicación Facebook: Programa “Incorporació Immediata” d’ IB3 Ràdio dedicado á Educación Social no que interviron o xefe de estudos do Grao de Educación Social da UIB, unha alumna do grao, un educador social do IMAS e a educadora social e coordinadora do programa TISOC da Conselleria d’Educación Universidad e búsqueda das Illas Balears.

14/11/19 publicación de Facebook Formación da UNED - Universidad Nacional de Educación a Distancia “Intervenció des de l’educació social en el sistema educatiu”.

24/09/19 FORMENTERA: xerrades per a famílies i docents, organitzades per l’educadora social de l’Àrea de Benestar Social del Consell de Formentera.

24/09/19 La trobada ha convocat a prop de 200 persones entre orientadors d’infantil, primària i secundària, PTSC als centres de primària i EDUCADORS-ES SOCIALS a secundària, que aquest curs atendran la diversitat

als centres educatius.

19/09/19 Afers Socials i els/les educadors/es socials del programa “Alter” estableixen els criteris de funcionament per a aquest curs escolar.

09/09/19 MENORCA: Entre les diferents demandes que realitzen els/les directors/es dels IES de Menorca, hi ha la d’incorporar EDUCADORS/ES SOCIALS als instituts.

<https://www.menorca.info/.../demandas-directores-siete-instit...>

06/09/19 Curs de la UNED - Universidad Nacional de Educación a Distancia “Intervenció des de l’educació social en el sistema educatiu”, en col·laboració amb el Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales. Matrícula del 06-09-2019 al 06-01-2020. Inici curs: 20-01-2020.

[https://formacionpermanente.uned.es/tp\\_ac.../idactividad/11268](https://formacionpermanente.uned.es/tp_ac.../idactividad/11268)

03/07/19 Màster Universitari de la Universitat de les Illes Balears - Somuib “Intervenció Socioeducativa amb Infància, Adolescència i Família”. Modalitat: semipresencial. Preinscripcions fins dia 27/09/2019.

<https://estudis.uib.cat/master/MIS2/index.html>

17/06/19 El programa “ALTER” els ha facilitat formació acadèmica i prelaboral d’una manera dinàmica i funcional, mitjançant pràctiques a empreses col·laboradores, hores lectives al centre de secundària per a la formació acadèmica i hores de treball de competències amb EDUCADORS/ES SOCIALS.

31/05/19 FORMENTERA: Com va explicar l’educadora social «oferir eines als pares per poder prevenir el maltractament en l’entorn escolar i detectar els símptomes que es poden donar entre els menors», tant quan són víctimes com quan són agressors.

#EducacióSocial #Prevenició #AssetjamentEscolar

<https://www.diariodeibiza.es/.../prevenir-frenar.../1070354.html>

06/05/19 Entrevista a la professora de la Universitat de les Illes Balears - Somuib i autora de l’estudi sobre la convivència escolar, Marga Vives, amb motiu del Dia Mundial contra l’Assetjament Escolar: “Hi ha passes que s’estan fent. Als instituts, la incorporació dels #TISOC, ens ajuda molt a vincular el tema #Social però també el tema #Familiar (...)”.

29/04/19 Blog de l’equip de professionals TISOC que recull les experiències i evidencia la importància de la figura dels professionals de l’educació social a l’àmbit educatiu formal.

24/01/19 Una reflexión brillante sobre l'aprenentatge de la mà de José Antonio Fernández.

(non temos máis datos anteriores)

### Castilla La Mancha

A incorporación da Educación Social na escola nesta comunidade existe, aínda que sexa dun modo restrinxido, xa que só se atopan naqueles IES catalogados como de “difícil desempeño”. Desde o colexio profesional deste territorio tratan de ampliar esta figura a todos os centros educativos e non so centrarse en situacións denominadas como “especialmente problemáticas”.

### Castilla y León

En esta comunidade autónoma a educadora/educador social é unha figura profesional que non existe no sistema educativo. Para reivindicar o noso papel nos centros educativos, o Ceescyl mantivo varios encontros con personalidades da Consejería de Educación da Junta de Castilla y León (o último, o 17 de decembro de 2019). De maneira simultánea, desenvolveuse unha estratexia política a través de reunións cos distintos grupos políticos que configuran as Cortes de CyL para presentar Propostas Non de Lei (PNL) a favor da incorporación da/o Educador Social ó sistema Educativo e foron rexeitadas polo PP e Ciudadanos con maioría nas Cortes.

As accións chave concretámolas en:

ANO	ACCIÓNS
2010	Xornadas de Educación Social no ámbito Educativo. Edición dun boletín informativo específico. Reunión co “Viceconsejero” da “Junta de CyL” coa intención de valorar unha investigación conxunta sobre a figura da/o ES no sistema educativo. Proposta de incorporación da nosa figura non só no novo “Plan de Convivencia” senón tamén no “Plan de Éxito”, ambos rexeitados.

2016	<p>Reunión coa “Dirección General de Innovación y Equidad Educativa” da “Consejería de Educación de CyL”, para impulsar a figura da PTSC (Profesor/a Técnico/a de Servizos á Comunidade).</p> <p>Impulso da nosa figura nos centros educativos desde as universidades, a través de traballo fin de grao, investigación desde os departamentos, asignaturas (“El Educador Social en el ámbito escolar”, na UVA, e “El Educador Social en el Sistema Educativo”, na UBU) etc.</p> <p>A “Dirección General” dálle cabida a esta figura no “II Plan de Atención a la Diversidad -ata 2020-” con actividades diversas a nivel autonómico.</p>
2019	<p>Encontro coa “Dirección General de Innovación y Equidad Educativa” da “Consejería de Educación de CyL” que segue a defender que ese espazo está cuberto coa figura da/o PTSC.</p> <p>Reunión coa “Dirección General de Formación Profesional, Régimen Especial y Equidad Educativa” centrada no estudo da normativa e a xustificación da posibilidade de incorporación da nosa figura segundo as necesidades dos centros en base a unha serie de variables. Para iso, apórtase a Tese de Investigación “La acción profesional del educador social en el sistema educativo” (Sara Serrate, 2014).</p> <p>Proposta para unha primeira fase onde se faga unha selección de aqueles centros de primaria e secundaria que polo seu contexto, vulnerabilidade, perfil de alumnado e familias se consideren prioritarios, na liña dos requisitos dun centro educativo que se queira acoller ó “Programa 2030”.</p>

Estes catro documentos son os que se tiveron como referencia nas distintas negociacións:

- Estudo da ULE (Universidad de León) para o Observatorio da convivencia escolar de CyL (ano 2009)
- Tese de Investigación “La acción profesional del educador social en el sistema educativo” de Sara Serrate (USAL- Universidad de salamanca-, ano 2014).
- “Libro Blanco de la profesión docente y su entorno escolar”, de José Antonio Marina, Carmen Pellicer y Jesús Blanco (ano 2015).
- Dossier específico do CEESCYL Centros Educativo.



## Canarias

Ademais do que teñen comentado no artigo sobre o seu proxecto nesta publicación, teñen un Facebook específico: <https://www.facebook.com/esecceescan/>

## Catalunya

No CEESC as accións desenvolvidas neste eido canalízanse a través do Col·lectiu professional educació social i escola, creado no ano 2004. Entre as múltiples actividades que desenvolven desta cun dossier onde resumen a súa andaina durante estes anos, na que destacamos as seguintes propostas:

Tipo de actuación	Accións
Artigos e publicacións	Educació social. L'assignatura pendent (2015); Educació Social i Escola (2016); Educació socia i escola, una trobada necessària (2016); Posicionamento do CEESC en relación á ausencia da educación social no Plan estratéxico de convivència escolar (2017); Els educadors i educadores socials a l'Escola. Treballem plegats? (2018).
Investigación	Busca de boas prácticas arredor de experiencias de educación social nas escolas (2016); creación da comisión a Temps Complet (2016), que promove unha reflexión profunda sobre o modelo horario actual, buscando alternativas de como organizar os tempos educativos; o CEESC incorpórase á alianza "Educació 360. Educació a temps complet".
Formación	Xornada de Educació a Temps Complet (2016); Dous Seminarios Internacionais (2016 e 2017); Xornada "L'equip educatiu més enllà del docent: l'Educació Social a l'escola" (2017); Xornada Educació360, personalizació de l'aprenentatge (2018); Curso de formación "Educació social i escola. Reptes i oportunitats (2018).
Difusió	Presentación do colectivo en diferents espazos tanto virtuais (medios de comunicación, blog, etc.) como presenciais, por exemplo, no grao de educación social da Universitat de Barcelona

## Euskadi

Realizáronse dúas formacións específicas desde o Colegio de Educadoras y Educadores sociales del País Vasco, unha no ano 2008 titulada "Educación Social y Centros Escolares"; e outra no ano 2017, denominada "Educación Social y Escuela".

## Extremadura

Desde o colexio profesional de Extremadura destacan estas actuacións:

- No ano 2002 publícanse as “Instrucciones de la dirección general de ordenación, renovación y centros por las que se establecen las funciones y ámbitos de actuación de los educadores sociales en centros de educación secundaria de la red pública dependiente de la consejería de educación, ciencia y tecnología de la Junta de Extremadura”.
- En 2005, solicitude á Consejería de Educación y Empleo a eliminación da figura do axente-titor (conseguiuse eliminar).
- 30 de Agosto de 2016: Presentación da “Proposta do Catálogo de Funcións e Competencias da Educadora e o Educador Social nos I.E.S. e I.E. S.O.” na Secretaría Xeral de Educación.

## Navarra

As actuacións do Colexio Oficial de Educadoras y Educadores Sociales de Navarra (COEESNA), están coordinadas pola súa comisión de traballo permanente denominada “Educador e educadora social no ámbito escolar”.

## Valencia

Desde a Comunitat Valenciana, cómpre destacar a realización de diferentes documentos técnicos para desenvolver un programa piloto para incorporar a educación social nas escolas e os IES.

Consejo General de Colegios General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales (CGCEES)

Ademais das funcións xerais como a coordinación entre territorios, a visibilización da profesión a nivel estatal, o diálogo coa Administración etc; o CGCEES, elaborou un documento titulado ‘A educación social no estado español: a profesional educativa emerxente dentro e fóra do ámbito académico’, no que se realiza unha completa revisión da situación, os avances e os retos que supoñen unir a educación social e a escola.


## Conclusión

Como conclusión, podemos dicir que a maioría dos territorios levan traballando anos e seguen incansables para conseguir o reto de incorporar de xeito estable a educación social ao sistema educativo regrado.

As principais actuacións oriéntanse á visibilización da profesión, contacto e diálogo coa Administración, publicacións en diferentes medios e a xeración de espazos formativos neste eido.

Preocúpanos

# Educación Social Escolar y Comunitaria (ESEC) en Canarias



Juan Francisco Trujillo  
Herrera  
Ceescan

El Proyecto Piloto ‘Educación Social Escolar y Comunitaria (ESEC), es un proyecto socioeducativo que se ha realizado desde el ámbito formal en la Comunidad Autónoma de Canarias, y liderado e impulsado por el Colegio Profesional de Educadores y Educadoras Sociales de Canarias (CEESCAN). Cuando se habla de Educación Social en la escuela se hace en base a una serie de conclusiones y conjeturas de un estudio sobre la Experiencia Piloto ESEC; elaborado por Lidia Cabrera Pérez y Cristina Rosales González, profesoras del Departamento de Didáctica e Investigación Educativa e integrantes del Área de Métodos de Investigación y Diagnóstico en Educación de la Universidad de La Laguna. Este estudio ha sido solicitado por el CEESCAN y se ha financiado y realizado en colaboración con: la Consejería de Educación y Universidades (CEU), la Dirección General de Ordenación, Innovación y Promoción educativa, la Fundación General de la Universidad de La Laguna (FGULL) y Agencia Canaria de Calidad Universitaria y Evaluación Educativa (ACCUEE). Para ello se ha utilizado solo y exclusivamente en el estudio una pequeña muestra que nos parece ilustrativa e interesante para esta petición.

La sociedad evoluciona y las generaciones adoptan nuevas características a las que ha tenido que adaptarse la escuela, con propósitos personales y profesionales diferentes a los

contemplados en un pasado reciente. En las transformaciones que la escuela ha ido haciendo en los últimos años para adaptarse a esos nuevos perfiles de alumnado, en sus características y necesidades, y a los nuevos desafíos y retos sociales, se incluye la incorporación de otros profesionales entre los que se encuentran las educadoras y educadores sociales.

El hecho que la Consejería de Educación y Universidades del Gobierno de Canarias, junto al Colegio de Educadores y Educadoras Sociales de Canarias, haya apostado por implementar un “Plan de intervención socioeducativa experimental” en centros educativos de las 7 islas, con la finalidad de completar la acción educativa del profesorado, así como otras finalidades fuera del ámbito profesional de éstos, está siendo un hito histórico para la acción educativa y para los profesionales de la educación social. En otras comunidades autónomas se han desarrollado con anterioridad experiencias similares, a la vez que programas complementarios en horario extraescolar en colaboración con instituciones locales. La experiencia canaria, por su amplitud en las finalidades y número de centros participantes, ha dado un impulso significativo y decisivo que está despertando el interés en la comunidad educativa autonómica y estatal, a la vez que visibilizando y enfatizando

la figura profesional del educador y educadora social. Las intervenciones desarrolladas llenan importantes espacios para atender a la diversidad del alumnado y promover su inclusión desde su desarrollo global, principios que rigen la acción educativa de la CEU, y así lo recoge en su normativa de atención a la diversidad.

Existe un amplio consenso entre todos los profesionales consultados en la evaluación de la “Experiencia Piloto ESEC” en determinar que la escuela necesita de la presencia de los profesionales de la educación social. Cada vez existe mayor concienciación y preocupación por atender a la heterogeneidad del alumnado, y las situaciones de vulnerabilidad familiar y social de los mismos, respetando los principios de individualización, globalización y socialización. Estas características socioculturales y familiares repercuten en la escuela, en el desarrollo de la vida académica y en los resultados educativos.

Fuera de la escuela, se le reclama a ésta que eduque ciudadanos y ciudadanas para que sepan vivir en comunidad y a manejarse en sociedades cada vez más complejas y de más incertidumbre. Por todo ello, se requiere de profesionales con formación específica en este ámbito, para detectar necesidades, hacer trabajo de prevención y seguimiento de casos específicos, contactar, mediar e implicar a sus

familias, conectar al centro con los recursos comunitarios y empoderar a las comunidades para la participación y colaboración con las finalidades de la educación formal.

Atendiendo a los datos obtenidos en la evaluación de la “Experiencia Piloto ESEC” hemos extraído las siguientes conclusiones:

### **1. Necesidades de los centros educativos de Canarias.**

La acción educativa de la escuela tiene que atender a las personas de un modo integral, extendiendo la acción al contexto familiar y comunitario al que pertenece y respondiendo a la diversidad, no solo de aptitudes y capacidades, sino de necesidades, expectativas y oportunidades de todos sus estudiantes. Las características de un número grande de alumnado no encajan en la organización actual de la escuela. Se trata de estudiantes con problemáticas familiares importantes, con carencias afectivas, carencias de límites y carencia de valores, que no logran beneficiarse de la educación de calidad a la que todos y todas tenemos derecho, desencadenando un ambiente y un clima de trabajo en las aulas de tensión y de inestabilidad motivacional hacia los estudios, que repercute en todo el grupo. Ante esta problemática, los y las estudiantes han solicitado que les ayuden. Les gustaría tener en la escuela profesionales en quienes confiar, con quienes poder sentirse

comprendidos/as, que les enseñen a controlar y manejar sus emociones e impulsos, y que sean referentes de apoyo en el afrontamiento de sus vidas presentes y toma de decisiones con repercusiones futuras. También el alumnado que tiene claras sus metas, que no presentan carencias importantes en sus desarrollos, los no disruptivos, han solicitado ayuda para no ser molestados e interrumpidos en sus propósitos.

## **2. Acción profesional de las educadoras y educadores sociales en la escuela.**

Los educadores y educadoras son los profesionales con competencias y funciones profesionales específicas para formar y fomentar competencias ciudadanas, para crear vínculos entre la escuela y la sociedad y ser referentes educativos de las comunidades locales, creando redes y sinergias entre las organizaciones e instituciones existentes. También son profesionales con formación en competencias específicas de “ser y estar”, para el acercamiento, la empatía, la sensibilización e implicación con la otra parte. En la “Experiencia Piloto ESEC” se han ganado la confianza del estudiantado, y los chicos y chicas solicitan que se pueda contar con ellos y ellas en los centros educativos de forma permanente y continuada. Se convirtieron en el referente adulto que muchos y muchas adolescentes necesitan y no tienen en sus familias, ni pueden tener en el profesorado porque exige

atención individualizada desde un tiempo extra curricular del que no disponen, y porque este perfil muchas veces entra en contradicción con el rol de “evaluador y certificador” que el profesorado tiene que cumplir. Los educadores y educadoras sociales, finalmente, se erigen como referentes de apoyo del profesorado, no solo en la acción directa con el alumnado, en el acompañamiento individual, en la gestión de conflictos y en la toma de decisiones, sino en el complemento de ciertas acciones desarrolladas por los equipos docentes, añadiendo a las mismas la perspectiva social. También la comunidad ofrece alternativas y recursos educativos de compensación a la escuela. En consecuencia, la acción de las educadoras/es sociales no puede restringirse al centro educativo, sino que, por el contrario, una de sus actuaciones principales será la de identificar y colaborar con otras Administraciones y asociaciones con fines educativos para un trabajo colaborativo con las/os menores y sus familias, creando redes de colaboración en finalidades conjuntas. Las sociedades actuales exigen cada vez más de un trabajo colaborativo e interinstitucional y de acciones educativas coordinadas entre agentes implicados para la eficacia. No se pueden alcanzar los mismos fines caminando hacia direcciones distintas. Los educadores y las educadoras sociales suponen un nexo de unión entre la escuela, la

familia, y la comunidad. Su acción profesional desde la perspectiva socioeducativa contribuye con empuje a que la escuela cumpla la función educadora en el ámbito social comunitario, hacia esa educación integral de la que tanto se habla. Además, fomenta y dinamiza la vida asociativa y asamblearia del alumnado y sus familias, a través de escuelas más democráticas y participativas y comunidades más cohesionadas y competentes en ciudadanía.

**3. Acción educativa interdisciplinar compartida.** La acción profesional de las educadoras y educadores sociales no se aporta para cubrir huecos inexistentes, ni tampoco para asumir acciones que ya estaban haciendo otras figuras profesionales, sino para enriquecer estas acciones. Por eso, no puede haber rivalidad profesional en la división del trabajo, sino que tiene que ser un trabajo conjunto y compartido. Un ejemplo de ello es la “educación en valores”. Se ha hablado mucho durante el desarrollo de la Experiencia Piloto de la necesaria educación en valores desde la educación social y de la formación para la competencia ciudadana; pero esta formación ya forma parte de las finalidades de la escuela y los currículos educativos, afortunadamente, desde hace muchos años. Es cierto que la forma de abordarlos se aleja de modelos tradicionales o ya no responden a todas las necesidades de sus estudiantes. Por un lado, la

escuela se encuentra sin los cimientos sociales y familiares sólidos de antaño (valores sociales y familiares compartidos con los que enseña la escuela); por otro lado, en los currículos de secundaria se observa una tendencia a la formación para el manejo de la vida desde parámetros meramente científicos, sin tener en cuenta el conocimiento producto de la reflexión y la experiencia; prueba de ello es la reducción que se ha ido haciendo de asignaturas propias de esta formación humanística como la filosofía y otras materias como educación para la ciudadanía. La acción de las educadoras/es sociales no es posible ni oportuna, por tanto, de forma aislada, sino que solo se entiende desde la interdisciplinariedad y la coordinación con los otros profesionales educativos, sobre todo con los que conforman los equipos de gestión del “Plan de Convivencia de los Centros” y los del “Departamentos de Orientación”. La definición de funciones específicas de los educadores/as sociales en la escuela, desde una perspectiva global de la escuela y en relación al resto de profesionales es una tarea que urge.

**4. Eficacia del programa a través de los logros obtenidos.** Las experiencias piloto son siempre objeto de ventajas y desventajas exclusivas. La ventaja de no tener condicionantes por el carácter experimental, y el inconveniente de no contar con referentes de experiencias previas que les guíen. En Canarias se tenía la

# Jornadas 'Educación social y Escuela'



**16 NOV 2018**

Organiza



Entidades colaboradoras



Universidad  
de La Laguna



Fundación General  
Universidad de La Laguna

Salón de Actos, Facultad de  
Educación, ULL.

C/ Heraclio Sánchez, 43. La Laguna





## programa

### 10:00 Acto de apertura

Antonio Martinón Cejas.  
*Rector de La Universidad de La Laguna.*

María Dolores Baena Cuadrado.  
*Decana de la Facultad de Educación.*

Francisco Fernando Rodríguez Reyes.  
*Presidente del Colegio Profesional de Educadores y Educadoras Sociales.*

Soledad Monzón Cabrera.  
*Consejera de Educación y Universidades.*

### 10:30 Qué es la Experiencia Piloto ESEC

Raquel Rodríguez Betancor.  
*Coordinadora del Área de Convivencia DGOIPE.*

Juan Francisco Trujillo Herrera .  
*Coordinador de CEESCAN.*

### 11:00 Resultados de la Evaluación Externa

Lidia Cabrera Pérez y Cristina Rosales González.  
*Departamento de Didáctica e Investigación Educativa. Área de Métodos de Investigación y Diagnóstico en Educación. Universidad de La Laguna.*

### 11:45 Pausa-café

### 12:00 Mesa Redonda: Otras miradas educativas

Dulce Arteaga Herrera.  
*Inspectora de Educación de Tenerife.*

Hermelindo Suárez Quintana.  
*Director de IES Schamann en Gran Canaria.*

Juana María del Pino González.  
*Orientadora Educativa de la isla del Hierro.*

Amador Manuel Lado Pérez.  
*Docente IES Adeje.*  
Modera: Jacqueline Montjoy Beteta.

### 13:00 Mesa de Experiencias ESEC: Educación Social y Escuela

Daniel Melián Martín. Gran Canaria.

Marta Ojeda Tacoronte. Lanzarote.

Marta Marrero Jiménez. Fuerteventura.

Irene Cabrera González. El Hierro.

Roboam Gutiérrez Cañadas. La Gomera.

Isabel María Hernández Pérez. La Palma.

Rosario Angélica Romero Martín. Tenerife.

Alumnado. IES Adeje.

Modera: Mónica Hernández Expósito.

### 14:00 Clausura



experiencia de programas colaborativos y en coordinación con otras instituciones externas, por lo que implementar una acción de estas características en 83 centros y en todas las islas supuso un trabajo arduo de organización por parte de las dos instituciones implicadas, CEESCAN y CEU. A pesar de las dificultades iniciales de presentación del proyecto e incorporación de las educadoras/es sociales a los centros después de iniciado el curso escolar, los resultados sobre el diseño de planes de trabajo, la coordinación interinstitucional e interprofesional y el desarrollo de las acciones han alcanzado niveles altos de eficacia. Los planes de trabajo y actividades desarrolladas y analizadas cumplen con los requisitos de diseño y desarrollo didácticos, a la vez que se han obtenido evidencias de alta satisfacción de las personas participantes. El personal educativo de los centros se siente muy satisfecho porque han obtenido una ayuda muy necesaria en la labor educativa; las educadoras y educadores sociales han encontrado apoyo en los equipos docentes y receptividad en las personas destinatarias, que les ha facilitado la acción y el logro de resultados; el alumnado muestra mucha satisfacción porque lo ha pasado bien, ha aprendido cosas relacionadas con sus intereses y muchos de ellos y ellas han sentido que alguien les ha ayudado en sus circunstancias personales. En comparación con

las bondades con las que se ha desarrollado el programa, las dificultades quedan diluidas en cuestiones organizativas producto de la improvisación necesaria, el desconocimiento y la falta de tiempo. En relación a la consecución de resultados y logro de objetivos pretendidos se han observado mejoras y tendencias de mejora. Los resultados obtenidos son suficientes y muy satisfactorios. Todas las partes implicadas, coordinadores, profesorado, educadores/as sociales y alumnado, han informado sobre evidencias de cambios, logros, mejoras, que permiten constatar los beneficios del programa. Para la consecución de los objetivos del programa en su conjunto, sin embargo, se exigen períodos de intervención más largos. Atendiendo a los objetivos generales de la “Experiencia Piloto”, de mejorar la convivencia, mejorar el rendimiento y reducir el absentismo, se observan tendencias de logro. Las y los estudiantes manifiestan que ahora se llevan mejor entre sí. Muchos chicos y chicas disruptivos con expedientes de expulsión han retomado las clases y cambiado sus actitudes agresivas hacia el aprendizaje. Bastantes chicos y chicas absentistas han vuelto al centro, aunque solo fuera a realizar los talleres impartidos por las educadoras/es sociales. En las acciones realizadas dentro de las aulas con todo el grupo se han observado comportamientos de mayor atención y más

interés que el usual en otras asignaturas. No se puede concluir que los logros del programa se han alcanzado pero sí que ha habido mejoras que indican un acercamiento hacia los mismos.

**5. Impacto del programa.** Normalmente, cuando hablamos de impacto nos solemos referir al logro de resultados obtenidos con la intervención en relación a los objetivos propuestos. En esta “Experiencia Piloto”, a pesar de que ha habido resultados observables suficientes, el impacto no solo se traduce en las mejoras producidas en las personas destinatarias, sino en más elementos. El impacto de la “Experiencia Piloto ESEC” en Canarias se produjo con cuestiones educativas estructurales y vinculantes para el futuro de los centros educativos, para las comunidades y para la profesión de la educación social. Estas conclusiones las obtenemos a partir de las siguientes evidencias:

Las educadoras y educadores sociales se han convertido, en tan solo un curso académico, en un “referente” en el centro para el alumnado, a quien éste busca en situaciones de conflicto, incertidumbre y soledad.

El profesorado se siente liberado, aliviado y asistido ante situaciones que no tenía tiempo de atender y que no sabía cómo resolver en solitario.

El alumnado siente que, “al fin”, hay alguien en el centro escolar que los entiende y los acompaña en sus dificultades más personales (no académicas).

El profesorado observó cambios inmediatos en los y las estudiantes con los que se intervino más personalmente, en la mejora de las habilidades comunicativas y sociales y en la mejora de la autoestima.

Todos los colectivos implicados solicitan la continuidad de las educadoras y educadores sociales, con dedicación exclusiva.

Para el curso académico actual, los centros hicieron sus programaciones anuales incluyendo las acciones de la educación social

Las familias empiezan a diferenciar la asistencia y acompañamiento que reciben de las educadoras y educadores sociales de la fiscalización de los servicios sociales, y se dejan ayudar.

Se incrementa la comunicación y las relaciones del centro escolar con las familias y los servicios comunitarios, que son ahora más frecuentes y más fluidas con el educador/a social como nexo de unión.

**6. Viabilidad de la experiencia.** La viabilidad de cualquier experiencia está justificada por sus resultados y su impacto. En la “Experiencia

Piloto ESEC”, todos los participantes, tanto profesionales como estudiantes, mostraron una alta satisfacción, por los logros obtenidos y porque se dio respuesta a una gran necesidad de la escuela. Este impacto tan positivo llevó a que el 87,3% del profesorado que participó en la encuesta de evaluación estuviera de acuerdo en considerar que en un futuro próximo se institucionalizara esta acción en la escuela, y que sus profesionales pasaran a formar parte de las plantillas del personal de los centros. Para los educadores y educadoras sociales ha sido una oportunidad para que se visibilizara su trabajo, tradicionalmente desarrollado desde el ámbito de la educación no formal. Además, es una oportunidad que se ofrece para el desarrollo del ámbito profesional, con lo que se refuerzan las bases que sustentan y justifican la disciplina de la educación social.

**Extraído de las Conclusiones del Estudio  
Piloto ESEC/CEESCAN-FGULL  
Juan Francisco Trujillo Herrera**

## Referencias Bibliográficas:

3512 LEY 6/2014, de 25 de julio, Canaria de Educación no Universitaria. BOC-A-2014-152-3512.

Instrucciones de la Dirección General de Ordenación, Innovación y Promoción Educativa, por las que se regula la intervención del educador y educadora social en determinados centros públicos no universitarios dependientes de la Comunidad Autónoma de Canarias para el curso escolar 2017/2018.

Prórroga de las instrucciones de la Dirección General de Ordenación, Innovación y Promoción Educativa de fecha 29 de noviembre de 2017 por las que se regulan la intervención del educador y educadora social en determinados centros públicos no universitarios dependientes de la Comunidad Autónoma de Canarias, dictadas para el curso 2017/2018, y se modifica el Anexo I de dichas instrucciones, para su aplicación en el curso escolar 2018/2019

Dándolle

voltas



Dándolle voltas

# A Educación Social no Ámbito Escolar: unha proposta



Raquel López Fernández  
Educatora Social

## ***Unha breve ollada ao contexto escolar dende o social***

A posta en marcha do Decreto 120/1998, do 23 de abril, e a posterior Orde do 24 de xullo, supuxeron un punto de inflexión xa que incorporou novas figuras aos centros escolares como foron as orientadoras e orientadores. Tal como sinala Campuzano (2009), semella que xa ninguén pon en dúbida que a eficacia e boa marcha dos centros escolares está condicionada pola presenza de equipos multidisciplinares mais, seguindo co mesmo autor, os centros non contan con recursos humanos suficientes, sobre todo, tendo en conta as necesidades educativas xurdidas recentemente.

Algúns autores como Galán (2008), Bretones e Castillo (2014) e Castillo (2012) sintetizan estas novas necesidades da seguinte maneira:

- Complexidade da realidade tanto na sociedade como nos propios centros derivados de movementos migratorios, a cultura social e as redes de comunicación e intercambio dixital.
- O proceso de neutralización da escola froito de diversas demandas, sobrecargándoa de responsabilidades.
- Os contextos nos que se atopan inmersos os mesmos centros escolares e o crecente número de situacións de exclusión.

- A crecente importancia do dominio das tecnoloxías da información e a comunicación nos procesos de integración na sociedade actual.
- A democratización da ensinanza e o aumento cuantitativo e cualitativo da escolarización e sucesivas reformas non sempre aceptadas pola comunidade escolar.

Neste contexto social, a institución escolar non pode asumir coa súa actual estrutura e organización a tarefa educativa pois, seguindo a Petrus (2004, p. 91), a escola deixou de ter o monopolio da educación porque “na sociedade actual educarse ou crearse significa, máis que nunca, pasar de copiar a sentirse fundador/a da propia personalidade a través da sociedade no seu conxunto”. Nesta mesma liña, Cieza (2010) afirma que non pode sosterse por máis tempo a separación entre os distintos espazos educativos, pois se precisa dunha solución de continuidade e converxencia entre todas as institucións e axentes que inciden na educación das persoas ao longo da súa vida.

Por tanto, os centros escolares non só deben ser contextos de aprendizaxe senón que deben procurar a formación integral das persoas. Volvendo a Petrus (2004), actualmente isto non está a ser así xa que a escola está perdendo credibilidade posto que “para que unha

institución desempeñe un papel importante na sociedade ten que ser lexítima, é dicir, as persoas que se serven dela han de crer que favorece aos seus intereses e satisfai as súas necesidades” (Martín Canoy, 1977, p. 12, citado por Petrus, 2004, p. 98).

Por todo o exposto ata o momento, vense reclamando dende diversos ámbitos -fundamentalmente dende a Educación Social- a presenza de xeito normalizado de educadoras e educadores sociais nos centros escolares. Nesta liña, Bretones e Castillo (2014) subliñan como a dimensión social da escola é un obxectivo non sempre asumido e apenas esbozado na institución escolar que si pode asumirse dende a Educación Social: as educadoras e educadores sociais poden acometer esa tarefa poñendo en marcha proxectos de acción socio-educativa tanto de carácter preventivo como de tratamento ante situacións de exclusións.

### ***Educación Social nas escolas: unha realidade noutros territorios***

A incorporación da Educación Social á institución escolar é recente no tempo e diversa nos seus proxectos e matices. Facendo valer a súa competencia en materia educativa, cada Comunidade Autónoma estableceu diferentes prioridades, dende o negacionismo da Xunta de Galicia á predisposición de Extremadura,

sendo a primeira CA en incorporar a Educación Social no ámbito escolar. Así, López (2013) considera que existen diversos modelos sobre a integración da Educación Social nos centros escolares:

- Educadoras e educadores sociais adscritos aos centros escolares:

As profesionais da educación social forman parte dos equipos dos centros escolares. É o caso das Comunidades Autónomas de Andalucía, Extremadura, Castilla-La Mancha e Illas Canarias, aínda que con matices entre elas.

- Educadoras e educadores sociais integrados nos Servizos Sociais Municipais:

Están adscritos aos Servizos Sociais municipais e as funcións respecto aos centros escolares realízanse en coordinación cos equipos educativos de ditos centros. Sería o caso de Baleares, Euskadi ou Madrid e, nalgúns casos de Concellos galegos. Cabe incidir en modelos mixtos, como en Catalunya, nos que os institutos teñen outro profesional –de Educación Social e/ou Integración Social- ademais da persoa traballadora dos Servizos Sociais municipais.

- Proxectos concretos liderados por educadoras e educadores sociais nos centros escolares:

As entidades sociais ou do Terceiro Sector, en convenio cos gobernos autonómicos ou



a través das convocatorias de subvencións, elaboran proxectos de intervención nos centros escolares coordinados por educadoras e educadores sociais. Este é o modelo máis habitual na Galiza.

Como se pode apreciar, de momento só catro Comunidades Autónomas teñen regulada a presenza de profesionais da Educación Social nos centros escolares. No horizonte visualízanse experiencias que contan coa presenza de educadoras e educadores sociais aínda que non como persoal propio do centro, pero que aínda así, deixan entrever a necesidade de regular esta figura no marco escolar.

### ***A incorporación da figura profesional da Educación Social nas escolas***

A literatura ao respecto deste tema, aínda que en aumento, é aínda limitada e recente. As referencias bibliográficas analizadas vinculan a figura da Educación Social no contexto escolar a unha perspectiva máis comunitaria da educación.

No que se refire á organización ou á ubicación da educadora ou educador social nos centros escolares, a maioría das autores e autoras referidas coinciden en que se debería situar no Departamento de Orientación baixo a dependencia da Xefatura do Departamento e en colaboración co equipo directivo e o profesorado, ademais do Departamento de

actividades complementarias e extraescolares (Bretones e Castillo, 2014). Sen embargo, poucas referencias mencionan que categoría profesional tería a educadora ou educador social, é dicir, se formaríase parte do Persoal de Administración e Servizos como no caso de Extremadura ou se formaríase parte do corpo docente, como actualmente as orientadoras e orientadores.

En canto ás funcións a desenvolver pola profesional da Educación Social no contexto escolar, tendo en conta as definidas para orientación educativa tanto no Decreto 120/1998 como na Orde do 24 de xullo, algunhas delas poden -e deben- ser exercidas por profesionais da Educación Social. Actualmente algunhas das funcións recollidas nas normas mencionadas non están a ser atendidas debidamente dada a multiplicidade de tarefas que debe desenvolver unha orientadora ou orientador. Así pois, partimos da idea que as funcións atribuídas á Orientación educativa deben ser desenvolvidas por un equipo interdisciplinar no que estaría a profesional da Educación Social desenvolvendo as funcións que se sintetizan a continuación:

Con relación ao **alumnado**:

- Colaborar na detección e valoración de necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) e as medidas para atender as mesmas. Especialmente, as referidas a alumnado con

necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia familiar ou de incorporación tardía, dado que as medidas de atención á diversidade focalízanse máis en Necesidades Educativas Especiais (NEE), Dificultades Específicas de Aprendizaxe (DEA) ou Altas Capacidades (AC). A abordaxe doutras situacións require dunha perspectiva integradora e global non só do alumno ou alumna senón do seu contexto próximo.

- Colaborar na elaboración do Plan Xeral de Atención á Diversidade e na implementación das medidas precisas.
- Prevención, seguimento e control das situacións de absentismo escolar, fracaso e violencias.
- Desenvolvemento do Plan de Convivencia e resolución de conflitos a través de técnicas como a mediación ou a titoría entre iguais. Ademais de fomentar a participación, convertendo a escola nun “ensaio” de cidadanía activa.
- Colaborar na orientación académico-profesional, propiciando o auto-coñecemento e auto-realización.

En canto **ao profesorado e o conxunto do centro:**

- Colaboración no desenvolvemento de

programas transversais e específicos como educación para a saúde, medio ambiente, igualdade, traballo socio-comunitario e intercultural, etc.

- Acompañamento do profesorado-titor/a na realización das sesións de titoría a través de técnicas e dinámicas novedosas que acaden a consecución dos obxectivos.
- Participar na planificación, desenvolvemento e avaliación do plan de acción titorial, do programa de orientación académico – profesional e do programa de actividades extraescolares e complementarias, así como contribuír aos documentos de organización e función dos centros, especialmente, na programación do Departamento de Orientación.
- Deseño, implementación e avaliación de propostas para fomentar as relacións do centro co entorno social no que está encadrado, así como programas de interrelación coa comunidade e aproveitamento dos recursos da contorna.

No que se refire ás **familias e outras entidades/servizos externos:**

- Comunicación e información fluída cas familias e coa comunidade de cara a acadar unha “Escola aberta”, na que as familias participen da xestión e dinámica do centro, integrada na comunidade e participada por

diversos axentes comunitarios, tecendo redes socio-comunitarias.

- Coordinar a intervencións do centro coas que se realicen dende os Servizos Sociais comunitarios e outros recursos, así como crear canles de participación e intercambio con colectivos e institucións da comunidade.

Para ir concluíndo, hai dúas cuestións ante as que cabe prestar especial atención. A primeira refírese ao descoñecemento desta figura profesional e o risco de que sexa empregada como un recurso de urxencia, un “apaga-lumes” que só actúe en situacións de conflictividade social obviando a función preventiva da Educación Social. Outro aspecto “de risco” ten máis que ver coa necesidade de que esta/e profesional estea capacitada/o para exercer estas funcións no ámbito escolar o cal, deberá pasar pola inclusión dalgunha materia vinculada ao ámbito escolar nas titulacións de grado de Educación Social. Alén das cuestións meramente formativas, tamén é necesario dispor de varios enfoques tanto metodolóxicos como actitudinais, como pode ser a perspectiva feminista ou de sustentabilidade ambiental.

## **7. Bibliografía**

ASEDES (Asociación Estatal de Educación Social). El educador y la educadora social en el estado español: una concreción de

su trabajo en centros escolares. Outubro 2004. [Material non editado, dispoñible na biblioteca do Ceesg]

- Barranco, R.; Díaz, M. e Fernández, E. (2012). El educador social en la educación secundaria. València: Nau Llibres.
- Bretones, E. e Castillo, M. (2014). Acción social y educativa en contextos escolares. Barcelona: UOC.
- Cabrera, J. (2004). La función de los educadores sociales en los institutos de educación secundaria. I Jornadas Universitarias: competencias socio-profesionales de las titulaciones de educación. Uned.
- Campuzano, M. (2009). Novos perfís profesionais nos centros. Revista Galega do Ensino 57, 57.
- Castillo, M. (2012). La intervención de los educadores y educadoras sociales en la escuela: limitaciones, retos y perspectivas de futuro. Educación Social: revista de Intervención Socioeducativa 51, 133-151.
- Candedo, M.; Castro, M.; Cid, X.M.; Malheiro, X.M. e Rodríguez, X. (coords.) (2008). Educación social y escuela. Santiago de Compostela: Nova Escola Galega (NEG) e Colexio de educadoras e educadores sociais de Galicia (CEESG).

- Cieza, J.A. (2010). El compromiso y la participación comunitaria de los centros escolares. Un nuevo espacio – tiempo de intervención socioeducativa. *Revista Interuniversitaria de Pedagogía Social*, 17, 123 - 136.
- Colexio de educadoras e educadores sociais de Galicia (2008). Documentos profesionalizadores. Santiago de Compostela: Colexio de educadoras e educadores sociais de Galicia (Ceessg).
- Galán, D. (2008). Los educadores sociales en los centros de Educación Secundaria de Extremadura. *Revista Interuniversitaria de Pedagogía Social* 15, 57 - 71.
- Galán, D. (2007). Modalidades de participación del educador social en la escuela. *Aula de innovación educativa* 160, 27 - 28.
- Galán, D. e Castillo, M. (2008). El papel de los educadores sociales en los centros de secundaria. *Educación Social: revista de Intervención Socioeducativa* 38, 121 - 133.
- Lirio, J. (2005). El educador social en el sistema educativo actual: funciones y tareas. En J. Lirio (coord.). *La metodología en educación social. Recorrido por diferentes ámbitos profesionales*. Madrid: Dykinson.
- López, R. (2013). Las educadoras y los educadores sociales en centros escolares, en el estado español. *Revista de Educación Social (RES)*. 16. Recuperado de <http://www.eduso.net>.
- Menacho, S. (2013). El educador social y la escuela. *Revista de Educación Social (RES)*, 16. Recuperado de <http://www.eduso.net>.
- Ortega, J. e Mohedano, J. (2010). Educadores Sociales Escolares, concepto y modelos. (A partir de los casos de Castilla y León, La Mancha y Extremadura). En IUCE-Universidade de Salamanca, 341 - 369.
- Ortega, J. (2014). Educación social y enseñanza: los educadores sociales en los centros educativos, funciones y modelos. *Edetania*, 45, 11 - 31.
- Parcerisa, A. (2008). Educación social en y con la institución escolar. *Revista Pedagogía Social. Revista interuniversitaria*, 15, 15 - 27.
- Petrus, A. (2004). Educación Social y Educación Escolar. *Revista Pedagogía Social: revista interuniversitaria*, 11, 87 - 110.

Dándolle voltas

Unha chamada á inclusión da  
Educación Social no Sistema Educativo:  
I Congreso Internacional e III Xornadas de  
Educación Social e Escola. Ourense, 2016



María Victoria Carrera-Fernández

Educadora Social e Doutora en Ciencias  
da Educación

Profª. da Facultade de Ciencias da  
Educación de Ourense

Universidade de Vigo

[mavicarrera@uvigo.es](mailto:mavicarrera@uvigo.es)

Neste artigo faise un achegamento á experiencia que supuxo a organización e desenvolvemento do I Congreso Internacional - III Xornadas de Educación Social e Escola que tivo lugar en Ourense en 2016. Para iso, en primeiro lugar, farei unha breve aproximación á necesidade urxente da inclusión da Educación Social no sistema educativo. A continuación, presentarei a propia experiencia do I Congreso, así como o monográfico que del se derivou, recollendo os máis de 50 traballos académicos que lle deron corpo a esta cita científica. Por último, a modo de conclusión, exporei a necesidade de seguir traballando e loitando activamente para conseguir o obxectivo desta inclusión que beneficiará non só á profesión da Educación Social, senón especialmente á escola e á sociedade da que forma parte.

### **POR UNHA ESCOLA HUMANIZADORA: A QUENDA INELUDIBLE DA EDUCACIÓN SOCIAL**

A escola estivo e está en crise. Desde Rousseau ata hoxe xurdiron numerosas voces que puxeron de manifesto as debilidades dunha institución incapaz de dar respostas ás necesidades da sociedade que a creou e á que debe a súa supervivencia. Con todo, a pesar de tanto ruído arredor da escola, esta fixo oídos xordos, sempre allea e impenetrable, illada tras os seus grosos muros. A escola continúa, como destaca Petrus (2004), non só desfasada, senón fiel a unha pedagogía de reprodución do dado, erixida sobre as prácticas de “clonación educativa”. A escola de hoxe, que segue sendo en gran parte positivista tal e como testemuñan as premisas ideolóxicas nas que se fundamenta a actual Lei de Educación (LOMCE, 2013), sobredimensiona a esfera racional do alumnado en detrimento do seu desenvolvemento

emocional. Así mesmo, a formación desta dimensión racional non foi nin é para nada neutral. A suposta obxectividade do contido “puro” e “duro” empápase necesariamente da ideoloxía dun determinado modelo educativo, incidindo nun reforzamento dos valores e expectativas máis acordes cos intereses hexemónicos de cada momento socio-histórico, dos que nin o colectivo docente nin as propias familias son plenamente conscientes, pois a educación non pode, nin é posible que sexa, instrución pura.

Ao igual que as familias, educadoras e educadores debemos preguntarnos que desexamos para o futuro dos nosos fillos/as e educandos/as. O seu desenvolvemento e éxito profesional serán importantes, pero que dicir do seu desenvolvemento persoal? Non é tanto ou máis importante? Así, a educación que se fai tanto dentro como fóra da escola debe confluír noutra dirección, pois o atallo da suposta excelencia académica e laboral non parece levarnos moi lonxe. Xa en 1948 a Declaración Universal dos Dereitos Humanos sinalaba no seu artigo 26 que o dereito á educación ten por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade e o fortalecemento do respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais. Do mesmo xeito, fai xa máis de 20 anos o Informe da UNESCO da Comisión Internacional sobre Educación para o século XXI, coñecido como Informe Delors ou “A educación encerra un tesouro” (Delors, 1996) identificaba catro piares claves do proceso educativo: aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a vivir xuntos/as e aprender a ser, estes dous últimos orientados á valoración da diversidade e ao desenvolvemento da autonomía moral. Non é difícil ver que este edificio noso “da educación” fraquea en dous

dos seus piares. Así, a educación da infancia, da adolescencia e da mocidade debe ser mellorada, orientándose especialmente á construción da súa intelixencia emocional. Na encrucillada entre educar/humanizar/liberar e instruír/adoutrinar, non esquezamos que a verdadeira educación é aquela que promove o desenvolvemento da dimensión humana en toda a súa amplitude e riqueza. A verdadeira educación é, en definitiva, aquela que fomenta o desenvolvemento da autonomía moral, o pensamento crítico e a loita contra a desigualdade social. E é nesta única acepción de educación desde onde debemos comprender a urxencia de incluír ás educadoras e educadores sociais na escola.


Se ben tradicionalmente se tiña definido a Educación Social á marxe da educación escolar, esta perspectiva, tal e como denunciaba Petrus (1996), comezou a mudar xa na década dos anos 80. Neste sentido, Galán (2008) destaca entre as funcións a desenvolver polos educadores e educadoras sociais nas escolas a análise da comunidade educativa desde unha perspectiva integral e o deseño e desenvolvemento de programas socioeducativos preventivos e de intervención que dean resposta ás necesidades identificadas. Dentro destas necesidades destacan, sen dúbida, as que teñen que ver coas problemáticas sociais e educativas que máis afectan e preocupan nestes momentos, tales como a convivencia escolar e a importancia do respecto á diversidade. En definitiva, todas aquelas cuestións que afectan non só ao alumnado senón ao ben común e que deben ser traballadas sen máis dilación na escola, a través da inclusión transversal e específica no currículo dunha verdadeira ética de mínimos. En definitiva, se recoñecemos o

indiscutible papel inclusivo da educación “na consecución deste obxectivo, a Educación Social, incardinada na institución escolar, debe xogar un papel primordial na institucionalización dunha nova xustiza e equidade social” (Orte, 2008, p.70). En definitiva, a actuación dos educadores e educadoras sociais nos centros educativos é chave para a consecución dunha realidade escolar e social máis xusta, onde a exclusión e a violencia non teña cabida.

### O I CONGRESO: UNHA CITA ACADÉMICA NECESARIA

Os días 30 de setembro e 1 de outubro de 2016 tivo lugar o I Congreso Internacional-III Xornadas de Educación Social e Escola. Así, dásele continuidade ao traballo iniciado 10 anos atrás, en 2006, cando se celebraron as II Xornadas de Educación Social e Escola<sup>1</sup>.

Este Congreso, de carácter internacional e celebrado en Ourense, na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo, foi organizado polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, Nova Escola Galega, a Sociedade Iberoamericana de Pedagogía Social, a Associação dos Profissionais Técnicos Superiores de Educação Social (Portugal), a Associação dos Educadores e Educadoras Sociais do Estado de São Paulo e, como non, as Facultades de Ciencias da Educación das Universidades da Coruña, Ourense e Santiago. Estas entidades



contaron tamén coa colaboración da Xunta de Galicia, do Concello de Ourense, do Liceo de Ourense e, moi especialmente, da Deputación de Ourense.

A acollida desta cita científica foi extraordinaria, con máis de 100 persoas asistentes e a presentación de máis de 50 traballos académicos arredor da temática da educación social e a escola feitos por profesionais de diferentes perfís, incluíndo profesorado das diferentes etapas educativas, educadoras e educadores sociais, así como alumnado e profesorado universitario. A premisa de partida, era a necesidade urxente de imprimir un cambio no sistema educativo a través da inclusión da figura do educador e da educadora social, contribuíndo a dar respostas ás novas demandas e necesidades da realidade educativa que os mestres e as mestras non poden afrontar en exclusiva.

Froito desde I Congreso xorde a obra Educación social e escola: unha análise da última década (2006-2016), coordinada por Xosé Manuel Cid, Soffia Riveiro, María Victoria Carrera, Monserrat Castro, Xesús Rodríguez, Alberto Fernández, Antía Cid, Patricia Alonso e Francisco Candia, e publicada en 2018. Este libro monográfico acada unha especial relevancia e interese tanto para os/as profesionais da educación social, para os/as docentes dos centros educativos, así como para as diferentes administracións competentes. A partir desta premisa sobre a que pivota toda a obra, se expoñen diversas e valiosas experiencias que mostran os camiños e ferramentas precisas para que esta incorporación sexa unha realidade e non só unha declaración de intencións.

A recompilación está organizada en seis bloques temáticos. No primeiro bloque, titulado “Educación Social e Escola: Realidades polo mundo adiante”, preséntase, a través de 11 traballos, a situación na que se atopa a educación social no ámbito educativo a nivel mundial. Baixo a denominación “Algunhas experiencias en Galicia”, o segundo bloque aborda especificamente a situación da educación social na escola na Comunidade Autónoma Galega, atendendo a oito experiencias que, sendo significativas, poñen de manifesto o lonxe que aínda estamos de acadar a plena inclusión da Educación Social na escola no noso territorio. Posteriormente, no terceiro bloque: “A situación da formación inicial en Educación Social e Maxisterio: cara a un diálogo interprofesional”, analízase a inclusión do binomio escola-educación social nos plans de estudio tanto de Educación Social como de Maxisterio, especialmente nas facultades galegas, incluíndo tamén a análise na Universitat Oberta de Catalunya. No cuarto bloque: “Axentes educativos, educación social e escola”, recóllense as achegas dos diferentes axentes educativos que interveñen na relación educación social e escola e preséntanse experiencias que destacan o papel da educación social no ámbito escolar. A continuación, no quinto bloque titulado “Áreas emerxentes de intervención socioeducativa na escola”, inclúense aqueles traballos presentados que dan luz sobre as novas temáticas e problemáticas que fan necesaria a incorporación da Educación Social ás aulas, destacando entre estas áreas emerxentes a igualdade de xénero, a promoción do valor da diversidade sexual ou a resolución de conflitos. Por último, no sexto bloque, titulado “Ampliando o currículo dende a colaboración interprofesional”, se inclúen aqueles traballos que fan referencia a



temáticas actuais que deben ser incorporadas na escola e abordadas dende a colaboración entre educadoras/es sociais e profesorado.

### A MODO DE CONCLUSIÓN: CAMIÑANDO CARA UNHA UTOPIÁ POSIBLE

Tal e como se sinalou, o modelo educativo actual precisa ser urxentemente mudado. A escola positivista debe transitar necesariamente cara a unha escola humanizadora e liberadora ancorada nun paradigma sociocrítico. Como xa defendía Freire (1968/1970) debe ser unha escola comprometida coa dinámica de denuncia e anuncio, é dicir, coa lectura crítica do mundo e o compromiso activo co cambio do mesmo. Para isto, hai que garantir o desenvolvemento integral da personalidade e a loita contra a inxustiza social; obxectivos nos que se fai necesaria a Educación Social no sistema educativo.

As recentes declaracións da Conselleira de Educación da Xunta de Galicia nas que se rexeita a inclusión desta figura profesional na escola e, por outra banda, a oferta de emprego público que inclúe postos de “Educador/a” aceptando titulacións diversas ademais da de Educación Social, fomenta o intrusismo profesional e pon de relevo, agora máis que nunca, que é necesario seguir loitando. Como sinalaba Freire, poñerse no camiño e xa máis da metade do camiño andado; así é todo, a inclusión dos e das educadoras sociais non é son unha utopía posible, senón que é preciso un compromiso colectivo de traballo. Conquistar esta utopía é unha tarefa de todas.

---

<sup>1</sup> As I Xornadas leváronse a cabo en xullo de 2005 (nota do Consello de Redacción).

### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Cid, X. M., Riveiro, S., Carrera, M. V., Castro, M., Rodríguez, X. , Fernández, A., Cid, A., Alonso, P., y Candia, F. (Eds.). (2018). Educación Social e Escola: Unha análise da última década (2006-2016). Ourense: CEESG, APTSES, AEES SP, SIPS.
- Delors, J. (Coord.). (1996). La educación encierra un tesoro. Informe a la UNESCO de la Comisión Internacional sobre la educación para el siglo XXI. Madrid: Santillana. Ediciones UNESCO.
- Freire, P. (1968/1970). Pedagogía del oprimido. Montevideo: Tierra Nueva.
- Galán, D. (2008). Los Educadores Sociales en los centros de Educación Secundaria de Extremadura. Revista Interuniversitaria de Pedagogía Social, 15, 51-71
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa. B.O.E. nº 295, de 10 de diciembre de 2013.
- Organización de las Naciones Unidas (1948). Declaración Universal de los Derechos Humanos. Recuperado de: <http://www.un.org/es/documents/udhr/>
- Orte, C. (2008). La corresponsabilidad educativa y social en el acoso e intimidación escolar. El rol del educador social. Revista Interuniversitaria de Pedagogía Social, 15, 30-43.
- Petrus, A (1996). L’educacio social al lllindar del segle XXI. Temps d’Educació, 15, 13-37.
- Petrus, A. (2004). Educación Social y Educación Escolar. Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria, 11, 87-110.



de  
NOBEL

**APROBADO**



L de noBel

# “Ciberconscientes” Aproximación a unha experiencia socioeducativa en centros escolares



Mónica Rodríguez Somoza  
Stefany Sanabria Fernandes  
Lorena Trillo López  
Yessica Vidal Lourido

Alumnado de 3º de  
Educación Social da USC

## En que consiste este proxecto?

Presentamos neste artigo o proxecto CibeRespect da ONG Ecos do Sur, unha organización que desenvolve proxectos innovadores na procura dunha mellora do benestar social de todo o estado español dende as súas sedes en A Coruña e Madrid, cooperando tamén a nivel internacional con outras entidades. A través de CibeRespect, a organización traballa co fin de erradicar os discursos de odio que circulan en internet sobre os colectivos de persoas inmigrantes e refuxiadas, formando a ciberactivistas capaces de ofrecer unha resposta alternativa as ideas e comentarios negativos que aparecen nas redes e realizando ademais unha labor de sensibilización cara estas persoas. As integrantes do grupo colaboramos nesta labor de sensibilización a través da iniciativa de Aprendizaxe e Servizo, levada a cabo dende a Universidade de Santiago de Compostela, máis concretamente na materia de Planificación e Deseño de Programas de Educación Social, collendo como base o proxecto CibeRespect para elaborar unha serie de actividades que se puxeron en práctica no instituto de Brión e de Ames.

O taller que creamos é coñecido como “Ciberconscientes”. O obxectivo principal deste programa é conseguir a través de actividades de sensibilización unha maior conciencia da problemática que se aborda en “CibeRespect” e fomentar nos e nas participantes o espírito crítico a hora de empregar as redes sociais. Para conseguir isto, as integrantes do grupo planificamos diversas actividades que se reparten en dúas sesións de aproximadamente 55 minutos cada unha.



A primeira sesión, que leva por nome “Ciberconscientes”, céntrase en abordar todos aqueles contidos teóricos que é necesario que os e as participantes coñezan (persoas refuxiadas, fake news, discursos de odio, narrativas alternativas etc). Por outra parte, realízanse tamén pequenas dinámicas co fin de xerar un espazo de reflexión e debate sobre o consumo crítico de información, as narrativas de odio e as noticias falsas.

A segunda sesión, chamada “Nos seus zapatos”, ten un enfoque máis práctico, xa que ten como principal obxectivo que os e as participantes se poidan poñer na pel das persoas refuxiadas e inmigrantes cando teñen que saír dos seus países. Para isto, as integrantes do grupo deseñamos unha gincana con diferentes actividades de sensibilización, nas cales o alumnado podía vivir situacións que os/as inmigrantes e refuxiados/as pasan cando se ven na obriga de saír dos seus países en busca dunha vida digna.



### ***Cal foi a nosa experiencia nos centros educativos ao desenvolver o taller?***

A nosa experiencia onde desenvolvimos o proxecto foi moi positiva. Tanto nas sesións teóricas como nas prácticas, os alumnos e as alumnas amosáronse en xeral moi participativos e con ganas de aprender e compartir as súas opinións e experiencias. Aínda que na maioría dos grupos cos que traballamos manifestaban un gran espírito crítico, si que podemos ver como algúns estereotipos e prexuízos estaban arraigados tanto no alumnado como no seu contexto máis próximo (familia, amizades etc), con comentarios tipo: as persoas inmigrantes e refuxiadas reciben máis axudas sanitarias e educativas que as persoas españolas; as persoas inmigrantes e refuxiadas saturan os servizos sanitarios e os servizos sociais. Para nós foi moi satisfactorio ver como aqueles estereotipos e prexuízos que tiñan arredor da temática que traballabamos se ían disipando e esclarecendo ao longo das sesións.

Por outra banda, a nosa relación co profesorado dos centros educativos foi moi satisfactoria. Onde sempre se amosou moito interese no

proxecto, manifestando a necesidade de traballar temáticas sociais (inmigración, sexualidade, drogodependencias) co alumnado.

### ***Educación social e escola***

Os centros educativos non son institucións inmunes aos cambios sociais que se producen actualmente, vivimos nunha sociedade complexa, influenciada por múltiples dimensións que están a acontecer no noso día a día. Aínda tendo conseguido cambios positivos en aspectos como a igualdade e a liberdade, son moitos os desafíos que se presentan no horizonte da práctica socioeducativa para poder falar dunha educación integral. As correntes de ultra dereita que na actualidade se están expandindo, debuxan un panorama social complexo no cal a educación social é fundamental.

O alumnado comparte gran parte da súa xornada cotiá no centro educativo, alí socializa, crea fortes vínculos sociais, edúcase en valores e crenzas e constrúe a súa identidade social e persoal. Entendemos, por tanto, que a educación social mantén un vínculo moi próximo co labor que se realiza nas escolas. A nosa figura profesional é a máis acaída para poñer en relación as múltiples realidades presentes na comunidade.



Non só nos referimos á necesidade de manter un vínculo cos distintos movementos e cambios sociais, se non que é preciso crear espazos educativos que respondan ás necesidades reais do contexto. Concluindo, dende a nosa experiencia afirmamos que é necesario un cambio inmediato nas políticas educativas nas que se contemple a figura profesional da educación social nos centros educativos. Trátase dun modelo onde estea presente a cultura da interdisciplinariedade, a fin de crear unha comunidade educativa que sexa quen de construír una sociedade máis igualitaria, equitativa, libre e respectuosa.





**ceesg**  
colexio de educadoras e  
educadores sociais de galicia

# Accións do Ceesg para a incorporación da Educación Social no ámbito escolar

## 2003

Reunión co Conselleiro de Educación e o Director Xeral de centros e ordenación universitaria. Formulamos por primeira vez oficialmente a necesidade de incorporar educadoras/es sociais nos centros educativos, concretamente, referíndonos aos IES.

## 2005

Coorganización da Xornada 'A escola, punto de encontro entre profesorado e Educadores/as Sociais?' (xunto con Nova Escola Galega)

Colaboración e patrocinio das 'Xornadas Técnicas sobre o conflito na Escola: Estratexias e Solucións' (organizadas polo colectivo Rueiros)


## 2006

Reunión co Director Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Reunión co Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Solicitud dirixida á Consellería de Educación de creación dunha comisión de expertas/os que estude a forma máis axeitada para incluír nos centros educativos a figura de educador/a social dentro dun equipo multidisciplinar como o do Departamento de Orientación Educativa e con vistas ao Plan de Convivencia Escolar.

Coorganización da II Xornada 'A escola, punto de encontro entre profesorado e





Educadores/as Sociais' (xunto con Nova Escola Galega) Vistas as conclusións da anterior edición, elimínase o interrogante no título das Xornadas, pasando a afirmar que a Escola é, e debe ser, punto de encontro entre o profesorado e educadoras/es sociais.

Elaboración dun díptico informativo e solicitude de apoios na comunidade escolar –centros, ANPAS, sindicatos do ámbito do ensino- para a incorporación da Educación Social. Recolléronse un total de 157 apoios por escrito.

## 2007

Xuntanza co Secretario de Ensino Público e niveis non universitarios de FETE-UXT.

Xuntanza coa Secretaria Xeral da Federación do Ensino de Galicia CC.OO.

Xuntanza co Secretario Nacional de CIG-Ensino.

Presentación por parte da Xunta de Galicia do plan de mellora da convivencia nos centros educativos no que se menciona a Educación Social como profesional dos equipos de orientación educativa específica.

Reunión co subdirector xeral de persoal da Consellería de Educación.

Constitución do grupo de traballo sobre a incorporación da figura das educadoras e dos educadores sociais aos centros de ensino, coa colaboración das universidades galegas e Nova Escola Galega.

## 2008

Xuntanza co Subdirector Xeral de Ordenación Educativa.

Reunión co Subdirector de Recursos Humanos da Consellería de Educación para presentar a proposta de integrar Educadoras/es Sociais nos centros de ensino.



## 2009

Xuntanza co Subdirector Xeral de Ordenación Educativa.

Reunión co Subdirector de Recursos Humanos da Consellería de Educación para presentar a proposta de integrar Educadoras/es Sociais nos centros de ensino.

## 2010

Achegas ao “Pacto pola educación” a través do CGCEES.

## 2011


Achegas ao Anteproxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa, a través das cales, entre outras cuestións, solicitamos que se recoñeza explicitamente a figura profesional do educador e a educadora social nas actuacións educativas reguladas en dito anteproxecto e máis noutras que non aparecían expresamente pero que deberían estalo.

## 2013

Xuntanza co Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación para a presentación e proposta de inclusión no Observatorio galego da Convivencia Escolar.

## 2016

Solicitude de inclusión do perfil de Educación Social como potencial persoal a contratar a través das axudas a centros privados concertados para atención a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Xuntanza coa Subdirección Xeral de Centros por este mesmo motivo. A partir da convocatoria seguinte, Educación Social foi incorporada.



Escrito á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ante a noticia da posibilidade de instalación de cámaras de seguridade nos centros, recomendando a acción socioeducativa como xeito de prevención e intervención, e poñéndonos á súa disposición para desenvolver calquera acción neste sentido.

Co-organización en Ourense do I Congreso Internacional e III Xornadas sobre Educación Social e Escola, en colaboración con Nova Escola Galega, Universidade de Vigo (Campus de Ourense), Universidade da Coruña e Universidade de Santiago.

Xuntanza co Subdirector Xeral de Orientación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado.

## 2017

Publicación do libro de actas 'Educación Social e Escola. Unha análise da última década (2006-2016)'

## 2018


Envío aos grupos parlamentarios de información sobre como se desenvolve a Educación Social no ámbito escolar noutros territorios.

## 2019

Xuntanza coa Federación ANPAS Galegas, que amosa o seu apoio á incorporación da Educación Social no ámbito escolar. Emisión de comunicado de prensa conxunto.

Achegas á orde que regula as titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a postos docentes en réxime de interinidade e substitucións, solicitando a inclusión de Educación Social na especialidade 'Orientación educativa'.

Redacción do número 13 monográfico da revista Galeduso sobre Educación Social e Escola.



Ademais, ao longo destes anos enviáronse solicitudes de citas tanto coa Consellería de Educación como co Presidente da Xunta de Galicia que non obtiveron resposta positiva.

Tamén se mantiveron contactos con diferentes grupos políticos, aos cales se lles enviou unha carta solicitando incluír nos seus programas políticos a posibilidade de incorporar educadoras e educadores sociais á contorna escolar.

En 2010, o Bloque Nacionalista Galego presentou unha proposta non de lei para iniciar o debate sobre a incorporación dos e das educadoras sociais aludindo a necesidades educativas e situando como obxectivo fundamental unha intervención máis directa en labores de prevención da exclusión social e educativa cun enfoque de participación na vida comunitaria.

O grupo Socialista, no ano 2017 presentou varias iniciativas parlamentarias encamiñadas a facer ver que a Educación Social no ámbito escolar sería una contribución positiva para o sistema educativo.

No ano 2018 foi o grupo parlamentario En Marea o que levou de novo ao Parlamento este debate, apelando ao goberno galego sobre as súas previsións respecto da integración dos profesionais de Educación Social en toda a educación obrigatoria de primaria e secundaria, así como na infantil.

Por outra banda, concedemos infinidade de entrevistas para a elaboración cada vez máis numerosa de traballos fin de grao e traballos fin de máster sobre esta temática.

## E AGORA?

Esta é una carreira de fondo. Levamos moito percorrido e sabemos que queda moito aínda por percorrer. Conscientes de que é un obxectivo a longo prazo, pero co convencemento da necesidade de que a Educación Social teña espazo tamén nos ámbitos escolares, o Ceesg seguirá petando en todas as portas necesarias, buscando alianzas e apoios, e aprendendo da experiencia doutros territorios para poder chegar a conseguilo.

Enviamos un reto á colexiación: Alguén se anima a crear un grupo de traballo que defenda, investigue e avance neste tema tan imprescindible?